| **11.-Arrefriado e rexeneración** | Diariamente. | **Cociñeiro.** |

A continuación, axúntase unha proposta dun menú tipo:

**M E N Ú  T I P O**

| LUNS 3 | MARTES 4 | MÉRCORES 5 | XOVES 6 | VENRES 7 |
|---|---|---|---|---|
| CREMA DE PORRO,CABACIÑO E PATATA CON QUEIXO. ESTOFADO DE TENREIRA GALEGA CON VERDURAS.(1,7) FROITA. | FABADA ASTURIANA. TORTILLA DE PATACA CON OVOS DE CORRAL CON SARDIÑAS E TOMATE NATURAL. IOGURT.(3,7) | COLIFLOR CON BECHAMEL. PESCADA Á ROMANA CON ENSALADA DE LEITUGA, ESPÁRRAGOS E CENOURA. IOGURT.(3,7) | SOPA DE POLO CON FIDEOS E GARAVANZOS. SOLOMBO DE PORCO SELECTA NO SEU XUGO CON PURÉ DE PATACAS. FROITA.(1) | EMPANADA CAMPERA. SALMÓN AO FORNO CON AROMA DE LIMÓN CON ENSALADA. FROITA.(1) |
| **LUNS 10** | **MARTES 11** | **MÉRCORES 12** | **XOVES 13** | **VENRES 14** |
| OVOS REVOLTOS CON XAMÓN E CHAMPIÑÓNS LASAÑA. FROITA.(1,3,7) | LENTELLAS CON VERDURAS. MACARRÓNS GUISADOS CON CARNE DE TENREIRA ECOLÓXICA. IOGURT.(1,7) | FESTIVO NACIONAL. | CREMA DA HORTA. CHULETILLAS DE PAVO CON PATACAS. QUEIXO CON MEL.(7) | SOPA DE AVE. PESCADA EMPANADA CON ENSALADA DE CANÓNIGOS E FROITOS SECOS.(8) FROITA. |
| **LUNS 17** | **MARTES 18** | **MÉRCORES 19** | **XOVES 20** | **VENRES 21** |
| ENSALADA DE TEMPADA. RAXO DE PORCO CRIADO CON CASTAÑAS E PATACAS FRITIDAS. IOGURT.(7) | XUDÍAS CON PATACAS E XAMÓN. MILANESA DE POLO DE CORRAL CON ENSALA DE LEITUGA TOMATE E ACEITUNAS. IOGURT.(3,7) | PASTA TRES CORES. PESCADA A PRANCHA CON CREMA DE PATACAS. FROITA.(1) | LENTELLAS CON PISTO. ALBÓNDIGAS CON ARROZ. FROITA. | SPAGUETTIS Á NAPOLITANA. CALAMARES Á ROMANA CON ENSALADA. IOGURT.(1,7) |
| **LUNS 24** | **MARTES 25** | **MÉRCORES 26** | **XOVES 27** | **VENRES 28** |
| CREMA VICHY. TENREIRA CON TALLARÍNS E SALSA DE TOMATE.(1) FROITA. | ENSALADILLA CON MAZÁ. ARROZ CON POLO E LURAS. IOGURT.(7,14) | BRECOL CON PATACAS EN ALLADA. FILETE DE BACALLAO AO FORNO CON ARROZ. FROITA. | GARAVANZOS Á CAZUELA. FIDEOS CON SEPIA, GAMBAS E GUISANTES.(14) FROITA. | SOPA DE CUSCÚS. LOMO DE PORCO EXTRATENRO SELECTA CON PATACAS AO FORNO. IOGURT.(7) |

Nota: O peixe que se serve neste menú escolar é fresco procedente da Lonxa de Vigo e Celeiro; a carne é de orixe galega. Os menús poden variar por motivos imprevistos (retrasos en suministros de mercancías, ausencia de persoal...)

*Código de **Alérxenos**: **1**- Gluten, **2**-Crustáceos, **3**- Ovo e derivados, **4-** Peixe , **5**- Cacahuete, **6**-Soja e derivados, **7-**Lácteos, **8**- Froitos de cáscara, **9**- Apio e derivados, **10**- Mostaza, **11**-sésamo, **12**- Sulfitos, **13**- Altramuces, **14**- Moluscos.*

## 2. Transporte escolar

O servizo de transporte escolar rexese pola Instrución 1/2022 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2022-2023.

O número de alumnos que utilizan o transporte escolar este curso 2022-2023 é de 17 en Educación Infantil e 43 en Educación Primaria.

No presente curso escolar cóntase con seis rutas de transporte contratadas pola Xefatura Territorial a unha UTE.

Continúa durante este curso Escolar o servizo de transporte compartido, un programa dentro do transporte Escolar de Galicia que pon en marcha a Xunta de Galicia, e que funcionará nas rutas deste Centro.

| LIÑA 1 | LIÑA 2 | LIÑA 3 |
|---|---|---|
| Cruce Vilarellos<br>Casasoá<br>Guimarás | Catro Camiños<br>Escuadro<br>Outeiro do Cabo<br>Parada de Asadur* | Vixueses<br>Foncuberta |
| **LIÑA 4** | **LIÑA 5** | **LIÑA 6** |
| Tioira<br>Carguizoi<br>Marcelle<br>San Miguel de Ramil<br>Alto do Rodicio<br>Rodicio Pueblo<br>Casetas do Rodicio | Francos<br>Niñodaguia Centro<br>Restaurante Prieto<br>Xunqueira de<br>Espadañedo<br>Espadañedo<br>Pardeconde | As Lamas<br>San Cristovo<br>Mourisco<br>Saa<br>Taboadela<br>O Paiseo<br>Rioseco |

**Paradas non actualizadas na aplicación de Transporte Escolar*

**Atención Ao Alumnado Transportado**

Segundo a Orde do 23 de xuño de 2011, a nivel de transporte escolar o número de persoal docente de garda será de un por cada cincuenta alumnos ou fracción. Tendo isto en conta, haberá dous mestres de garda de transporte cada día.

As quendas de vixilancia de transporte son as seguintes:

| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| Mañá | Ruth C.<br>Alicia R. | ElenaB G.<br>Silvia A. | Manuel B.<br>Ruth C. | Consuelo N.<br>Silvia A. | ElenaB. G<br>Alicia R. |
| Tarde | Isabel B.<br>Jácome | Isabel B.<br>Jácome | Manuel B.<br>Isabel B. | Consuelo N.<br>Jácome | Isabel B.<br>Jácome |

# Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEAE

**Atención á diversidade e aos alumnos con necesidades educativas especiais.**

A resposta á diversidade non se pode reducir a un caso individual; ten que abarcar necesariamente a todo o centro.

Cos resultado das avaliacións iniciais e coas observacións dos profesores de cada grupo detectamos as necesidades das aulas como grupo, e de cada alumno en particular, o que nos leva a aplicar os programas de intervención que se consideran necesarios tanto individualmente coma no grupo-clase. Tamén se detectan posibles alumnos con N.E.E., para os que se organizarán os apoios axeitados.

Este curso o centro conta con tres profesoras de Pedagoxía Terapéutica e outras dúas de Audición e Linguaxe. Estas especialistas atenderán aos distintos alumnos que necesiten apoio segundo as necesidades que presentan.

Este apoio realizarase dentro ou fóra da aula segundo as distintas características de cada alumno, coordinándose o profesor de aula co/s profesor/es de apoio. Cando é necesario apoialos fóra da aula faise en horas dedicadas á materia na que é necesario reforzalos.

O Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos coordinaron os apoios que algúns profesores realizan en distintas aulas. Para organizar estes apoios tivéronse en conta as necesidades das aulas e dos alumnos así como a dispoñibilidade horaria de cada profesor.

O profesor de aula, o de apoio (PT, AL) e a orientadora, elaborarán os plans de apoio e programas de intervención que terán que desenvolverse ao longo do presente curso escolar. Estes plans levaranse á practica sempre en

coordinación entre o/s profesor/es de apoio (PT, AL), e o titor ou profesor de área de cada un dos alumnos con NEE. Estes programas realizaranse naquelas áreas ou aspectos nos que o alumno non sexa capaz de seguir a programación de aula.

En Educación Infantil, os alumnos serán observados polas profesoras ao longo dos tres e catro anos e, aqueles que manifesten dificultades, serán avaliados pola xefa do Departamento. A orientadora fará unha valoración da linguaxe oral de cada alumno de catro anos, durante o segundo trimestre.

Os horarios das profesoras de Pedagoxía Terapéutica e de Audición e Linguaxe están totalmente coordinados, para que así os alumnos que precisan deles os reciban no momento adecuado. Tamén se facilita á titora, ao profesorado de PT e á profesora de AL a posibilidade de reunírense coa orientadora para revisar e modificar as ACIS e os RE e para calquera outra cuestión que sexa necesaria.

O plan de Atención á Diversidade recóllese nun documento do centro elaborado no Departamento de Orientación e en colaboración co profesorado implicado neste proceso.

**Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas:**

- Os reforzos realizaranse preferentemente dentro da aula ordinaria, sobre todo en educación infantil e primeiro ciclo de educación primaria.
- Os apoios do profesorado serán dentro da aula, preferentemente.
- Recibirán apoio os alumnos/as cando se considere que coa atención personalizada da titora non van lograr superar os obxectivos do nivel ou ciclo.
- O horario dos apoios de PT e AL deberán coincidir coas áreas de MATEMÁT., coñecemento do medio e linguas castelá e galega, respectivamente.

- O horario de apoio determinarase a comezo de curso nunha reunión da orientadora coas PTs e ALs para atender ao alumnado que xa quedou determinado do curso anterior.
- As novas necesidades concretaranse nos meses de setembro e outubro despois das avaliacións iniciais do profesorado e da valoración da xefa do departamento de orientación.
- A orientadora e a xefa de estudos reuniranse para analizar as necesidades das distintas aulas e dos alumnos e ver a dispoñibilidade horaria doutros profesores do centro que poden facer apoios dentro das aulas.
- O alumnado con adaptacións do currículo recibirán apoio un máximo de 8 horas fóra da súa aula ordinaria.
- Os pais dos alumnos/as que reciben apoio fóra da súa aula ordinaria serán informados do horario de reforzo e dos obxectivos que se pretenden con el.

**Criterios de atención preferente ao alumnado con dificultades**

- Os apoios realizados polo profesorado especialista en AL e PT axustaranse en función das necesidades que presenten os alumnos.
- Empezaranse atendendo aos alumnos de necesidades especiais específicas seguido polos demais.
- Dentro de cada apartado empezarase priorizando aos de Educación Primaria.
- En similares condicións terase en conta a dificultade das aulas en función do nº de alumnos de NEE e do nº de alumnos da mesma, así como a dificultade de xestión de cada clase.

# Plan de coordinación de tarefas do persoal non docente

No centro contamos co seguinte persoal non docente:

- Coidadora
- Cociñeiro
- Dous auxiliares de cociña
- Unha persoa de limpeza
- Conserxe

**Coidadora**:

As actividades desta profesional atópanse reguladas no plan de orientación do centro. A coordinación e asesoramento nas súas funcións é levada a cabo polo director e a orientadora do centro.

**Cociñeiro e auxiliares de cociña:**

As súas funcións son coordinadas polo director e a responsable de comedor seguindo a lexislación aplicable a este tipo de persoal.

**Persoal de limpeza:**

Depende directamente do Concello que é o encargado de atribuír funcións e supervisalas.

**Conserxe:**

Depende directamente do Concello que é o encargado de atribuír funcións e supervisalas.

Este persoal ten presencia no Consello Escolar do centro, segundo a lexislación vixente, sendo neste momento a representante neste órgano M. del Mar Santana.

# Plan de atención á diversidade

## ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

### XUSTIFICACIÓN

A atención á diversidade no noso centro rexerase, segundo o PAD, polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; interculturalidade e promoción da convivencia; procurando sempre a participación de toda a comunidade educativa.

Estes principios, mestúranse cos propios da acción orientadora: Prevención, Planificación, Curricularidade, Cooperación, Intervención Social, Sistematicidade e Desenvolvemento Persoal.

O Departamento de Orientación do centro planificará as súas intervencións de cara a propiciar accións encamiñadas a acadar o desenvolvemento integral do alumnado.

Dita orientación levarase a cabo desde:

1. A Titoría, a nivel de aula.
2. As aulas de apoio.
3. Departamento de Orientación, a nivel de centros.
4. Equipo de Orientación Específico, e outros organismos que atenden demandas de carácter especializado a nivel provincial.

Por outro lado, os ámbitos de aplicación da mencionada orientación educativa son:

- A Atención á Diversidade, especialmente no que se refire á atención do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- A Convivencia no marco da formación de persoas responsables, autónomas e participativas.
- A Acción Titorial.
- A colaboración nos procesos de avaliación e calidade.
- Os relativos ás funcións que se determinan no Plan de Atención á Diversidade.

Os axentes destinatarios de dita actuación serán: o alumnado, o profesorado, as familias e a comunidade educativa en xeral.
Tendo en conta todo o mencionado, o Departamento de Orientación elabora un Plan de Orientación, flexible, dinámico e de carácter anual; no que se teñen en conta as circunstancias, características e necesidades de orientación e que abranguerá aos tres centros.

**MARCO LEGAL**

As actuacións que se leven a cabo dende o Departamento de Orientación partirán do sinalado nas disposicións que conforman a súa xustificación legal (Recollidas no Plan de Orientación e no PAD).

Tamén cabe sinalar que o noso modelo de orientación, ademais de partir do disposto na normativa vixente, deberá estar en concordancia cos fins e intencións educativas do Proxecto Educativo e demais documentos que rexen o funcionamento do mesmo.

**MARCO CONTEXTUAL**

O Plan de Orientación corresponde ó CEIP de Maceda e a dous centros incompletos adscritos ó mesmo: CEIP de Baños de Molgas e CEIP Plurilingüe de Luíntra.

A Xefatura do Departamento de Orientación, actuará en coordinación constante tanto con Titores /as, Xefatura de Estudos, Profesores/as de Pedagoxía Terapéutica (PT), Profesores/as de Audición e Linguaxe (AL), así como co Equipo de Orientación Específico (EOE) e demais servizos externos.

Actualmente, no CEIP de Maceda están matriculados 174 alumnos/as, atendidos por unha plantilla de 22 docentes mais unha técnico auxiliar educativo.

O número de alumnos distribúense nos seguintes grupos:

| **ETAPA** | **CICLO** | **Nº DE GRUPOS** |
|---|---|---|
| INFANTIL | 2º | **3** |
| **ETAPA** | **NIVEIS** | **GRUPOS** |
| PRIMARIA | 6 | **7** |

Os **alumnos/as obxecto de apoio educativo** neste centro ao comezo do curso escolar son:

1. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS:
   - Parálise cerebral (1).
   - Síndrome de Williams(1).
   - Retraso madurativo (3)
   - TEA(1).
   - TEL (2)
2. NECESIDADES DE APOIO:
   - Dificultades específicas de aprendizaxe(18)
   - Condición socio- familiar (14)
   - Trastornos da linguaxe oral (12)
   - TDAH (1)
   - Alumnado procedente do estranxeiro (9)

O **persoal e horas de atención ás NEAE** neste centro son:

- 1 PT definitiva a tempo completo.
- 2 PT provisionais a tempo completo.
- 1 AL definitiva con cargo de xefa de estudos.
- 1 AL provisional a tempo completo.

**IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES**

Seguindo o establecido no PAD, a detección e valoración das necesidades específicas e apoio educativo servirá para determinar as actuacións educativas e axudas precisas para o alumnado.

A Identificación Temperá se realizará a través da avaliación inicial, das avaliacións trimestrais e finais, dos informes psicopedagóxicos e das probas colectivas.

A partir da valoración de necesidades se establecerán as medidas de resposta educativa máis axeitada.

Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores. Favorecerase o desenvolvemento de todos

os/as alumnos/as de acordo coas súas características persoais e as do seu entorno.

O tipo de Medidas ordinarias e extraordinarias así como a súa aplicación aparece detallado no punto 5 do PAD do Centro. Asemade se recollen as Medidas de Apoio e a súa organización.

**MECANISMOS DE COORDINACIÓN**

O Departamento de Orientación está formado polos seguintes profesionais:

- Xefa do Departamento: Vanessa Rodríguez Basteiro substituta Tania Novoa Cruz
- Xefa de Estudos: Mª Consuelo Novoa Romero.
- Mestra Especialista de PT: Mª Reyes López Rodríguez.
- Mestra Especialista de PT: Rosana Cabana Gónzalez.
- Mestra Especialista de PT: Laura Abadín Parente.
- Mestra Especialista de AL: Mª Consuelo Novoa Romero.
- Mestra Especialista de AL: Sonia María Sequeiros Otero.
- Responsable de Educación Infantil: Esperanza González Rodríguez
- Coordinadores de ciclos de Primaria:
  - María Begoña Vilarchao Fernández (1º).
  - Felipe Blanco Míguez (3º).
  - Paula García Losada (5º)
- -Director do centro adscrito Baños de Molgas: Juan José Cid Rivas
- -Directora do centro adscrito de Luíntra: María José Barandela Vila

O Departamento de Orientación que preste servizo no propio centro, reunirase de forma ordinaria, unha vez á semana, seguindo a normativa vixente, sen prexuízo daquelas outras reunións ou intercambios que se consideren necesarios para poder coordinar medidas relacionadas coa atención á diversidade e a acción titorial.

## CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS

Entre os profesionais que interveñen directamente co alumnado debe existir unha estreita colaboración. As súas funcións específicas cos ANEAE aparecen redactadas no PAD no punto 7, tanto dos especialistas de PT e AL, dos titores, como do Departamento de Orientación no seu conxunto.

## OBXECTIVOS XERAIS

Tendo en conta as necesidades apreciadas, os obxectivos xerais que se perseguirán dende o Departamento de Orientación ao longo do presente curso, en relación coa atención dos ANEAE e co resto do alumnado en xeral, son os seguintes:

1. Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa concreta e individualizada.
2. Prever as dificultades na aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan.
3. Contribuír á consecución dunha axeitada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa.
4. Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade.
5. Resaltar os aspectos orientadores da educación: orientación en e para a vida.

Co traballo que se pretende levar a cabo ao redor destes obxectivos xerais inténtase abarcar dúas dimensións fundamentais do alumnado:

Persoal e familiar, entendendo ao alumno/a como persoa individual que forma parte dunha familia.

Escolar e social, entendendo ao alumno/a como persoa que interaciona con outros e que debe integrarse na sociedade.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

<u>Con respecto ao centro:</u>

- Colaborar na elaboración, seguimento, actualización e avaliación dos diferentes documentos: Plan de Atención á Diversidade, Proxecto Educativo, Plan de Acción Titorial, Plan de Convivencia e Plan de Adaptación, entre outros; especialmente no aspecto de medidas de atención á diversidade.
- Participar na análise e valoración dos criterios de avaliación e promoción, tendo en conta as modificacións e a lexislación pertinente.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias para unha maior eficacia e coherencia na educación dos alumnos/as.
- Revisar e actualizar a documentación e o material de traballo existentes no Departamento de Orientación.
- Colaborar na aplicación do PAT.
- Deseñar actuacións encamiñadas á intervención temperá.

Con respecto ao profesorado:

- Coordinar xunto co Xefe de Estudos as actuacións dos titores e profesores de apoio no referente á atención á diversidade.
- Colaborar na posta en marcha e posibles modificacións do PAT.
- Asesorar ao profesorado que o demande naqueles aspectos relacionados co ámbito da orientación.
- Colaborar co profesorado que imparte apoio.
- Elaborar conxuntamente horarios e tipo de apoio precisos.
- Ofrecer información á comunidade educativa sobre temas relacionados coa orientación académica e persoal.

Con respecto ao alumnado:

- Atender as necesidades do alumnado e realizar unha orientación planificada, continua, preventiva, sistemática e integradora.
- Contribuír á mellor integración do alumnado no centro e no grupo de referencia.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades de cada un dos alumnos/as mediante as oportunas medidas de atención á diversidade.
- Axudar aos alumnos nos momentos de maior dificultade: ingreso no centro, cambios de etapa.

Con respecto ás familias:

- Cooperar na relación titores- familias na resolución de problemas que afecten aos seus fillos/as.
- Solicitar e facilitarlles información e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Ofrecerlles atención individual cando así o demanden.
- Difundir información sobre temas de interese na formación dos nenos/as a través da páxina web do centro e outras canles.

Con outros organismos:

- Colaborar cos Servizos Sociais dos Concellos.
- Colaborar co Centro de Saúde e co complexo hospitalario.
- Contactar con outros Departamentos de Orientación.
- Colaborar co Equipo de Orientación Específico.
- Cooperar con gabinetes de reeducación pedagóxica e logopedia externos ós que asisten algúns nenos/as do CEIP.
- Colaborar con outros axentes: Atención temperá, Servizo de Menores, Asociacións, ONGs.

**ACCIONS PRIORITARIAS**

Son coincidentes coas accións prioritarias do Plan do Departamento de Orientación:

- Colaborar co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización e realizar as avaliacións psicopedagóxicas que como consecuencia se consideren pertinentes.
- Coñecer e facer seguimento das N.E.A.E. dos alumnos/as.
- Participar no deseño e colaborar no desenvolvemento de programas específicos de aprendizaxe para o alumnado procedente do estranxeiro, dirixidos tanto ao coñecemento da lingua e da cultura como a actuar sobre as súas posibles carencias de coñecementos básicos.
- Colaborar na  marcha do P.A.T.
- Dinamizar as canles de comunicación entre as familias e o centro escolar para favorecer o desenvolvemento integral do alumnado.

- Deseñar, en colaboración co Equipo de Orientación Específico, accións de atención temperá que proporcionen respostas educativas apropiadas e adaptadas de carácter preventivo e compensador ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

## TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

| ACTIVIDADES 1º TRIMESTRE | RESPONSABLES |
|---|---|
| Constitución do D.O. | 26 de setembro |
| Redacción do Plan de Orientación | Orientadora |
| Organización de grupos de apoio | Orientadora/Xefe de estudos/Profesores de apoio |
| Coordinar reunión de profesorado de apoio con persoal de A.T. | Orientadora |
| Revisión de expedientes | Orientadora /PT /AL |
| Reunións cos directores dos centros adscritos | Orientadora/Directores |
| Reunión para coordinación de horarios cursos /horarios apoios. | Xefe de Estudos/Orientadora /PT /AL |
| Reunións co persoal de atención ás NEAE dos dous centros. | Profesores/as PT /AL /Orientadora |
| Entrevistas con titores. | Orientadora/Titores /PT /AL |
| Reunión coas titoras 1º (Resultados BADyG) | Titor-a/Orientadora |
| Reunión coas titoras E.I. 3 anos (Información entrevista familias) | Titoras/Orientadora |
| Cumplimentación datos DRDADI | Orientadora |
| Reunión co/a orientado/ra do I.E.S. | Orientadora |
| Programación dos aspectos específicos para a alumnos con NEE | Orientadora /Equipo de profesores |
| Intercambios co persoal de Atención Temperá | Orientadora /Equipo de profesores |
| Avaliacións psicopedagóxicas e redacción dos informes oportunos | Orientadora |
| Distribución dos horarios de apoio | XE/PT/AL/Titores/Orientadora |
| Programa de traballo a desenvolver co alumnado de NEAE | Titores/PT/AL/Orientadora |
| Elaboración e adaptación de materiais ás necesidades de cada alumno | Titores/PT/AL/Orientadora |

| | |
|---|---|
| Adquisición de material e equipamento | Titores/PT/AL/Orientadora |
| Contacto coas familias de alumnos/as con NEAE | Orientadora /PT/AL/Xefe de Estudos |
| Contactar co SAF (Concello) | Orientadora/Titores/PT |
| Elaboración de dípticos informativos | Departamento de Orientación |
| Colaborar na marcha do PAT | Xefe de Estudos/Titores-as/Orientadora |
| Entrevistas con titores | Orientadora / Titores/PT/AL |
| Seguimento ANEAE | PT/AL/Titores-as/Orientadora |
| Reunións Departamento de Orientación | Departamento de Orientación |
| Avaliación 1º Trimestre | Profesores /Xefe de Estudos /Profesores apoio / Orientadora |

| ACTIVIDADES 2º TRIMESTRE | RESPONSABLES |
|---|---|
| Análise dos resultados da 1ª avaliación. | Titores/Xefe de estudos/Profesores de apoio/Orientadora |
| Estudo e modificación (si é necesario) do apoios ó alumnado con N.E.A.E. | PT/AL/Xefe de Estudos/Titores/Orientadora |
| Seguimento das medidas de atención propostas | Orientadora/PT/AL/Titores |
| Reunións coas familias | Titores/Orientadora/PT/AL |
| Seguimento do apoio (Axuda familiar) | Titores/Orientadora/Responsable apoio/PT |
| Reunión con Titores | Titores/orientadora/PT/AL |
| Seguimento ANEAE | PT/AL/Titores/Orientadora |
| Reunións Departamento de Orientación | Departamento de Orientación |
| Reunión co/a orientador/a do IES de Maceda | Orientadora |
| Avaliación 2º trimestre | Titores /X.E/PT/AL/Orientadora |

| ACTIVIDADES 3º TRIMESTRE | RESPONSABLES |
|---|---|
| Estudo dos resultados da 2ª avaliación | Orientadora/Titores/Xefe de estudos |
| Seguimento de ANEAE | Titores/PT/AL/Orientadora |

| | |
|---|---|
| Reunións cos Titores | Orientadora/ Titores/PT/AL |
| Reunións coa persoa responsable de axuda familiar do concello. | Orientadora/Titores/PT/AL |
| Entrevista coas familias (alumnos 3 anos) | Orientadora |
| Colaboración na xornada de contacto co centro (alumnos 3 anos) | Orientadora/Director |
| Aplicación de BADyG - I alumnos/as que rematan EI | Orientadora |
| Reunión coa Titora de EI (5 anos) | Titora/ Orientadora |
| Reunión co/a orientador/a do I.E.S de Maceda | Orientadora |
| Asesoramento alumnado que remata EP | Orientadora |
| Colaboración no proceso de Avaliación Diagnóstica | Orientadora |
| Ditames de escolarización | Orientadora |
| Cumplimentación de datos: DRORIENTA | Orientadora |
| Avaliación do POE | Departamento de Orientación |
| Elaboración Memoria DO | Orientadora/PT/AL |
| Propostas para o seguinte curso | Orientadora/PT/AL |

As actividades relacionadas considéranse como punto de partida para outras que xorden ao longo do curso.

En base ao desenvolvemento do plan anual, realizarase a memoria final que recollerá as actuacións, necesidades e propostas de mellora para o seguinte curso.

# Organización de actividades extraescolares e complementarias

A orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no capítulo XI denomina

as "*actividades complementarias*" como aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Deberán figurar na programación xeral anual do centro.

Así mesmo, considera as "*actividades extraescolares*" como aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc., e figurando na programación xeral anual, realízanse fora do horario lectivo. A participación nas mesmas será voluntaria.

Durante o curso escolar 2022/2023, o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares do CEIP Plurilingüe de Maceda estará formado por:

• Manuel Borrajo Fernández, mestre EF.

• Ruth Costa Pascual, mestra de 5º de infantil.

• Laura Abadín Parente, estando ao seu cargo a coordinación deste departamento (mestra de Pedagoxía Terapéutica– PT3).

Para a planificación e aprobación das actividades extraescolares e complementarias seguíronse as indicacións establecidas pola Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As actividades complementarias e extraescolares están incluídas na Programación Xeral Anual. O Consello Escolar do Centro será informado das mesmas.

As actividades que se levarán no presente curso escolar, son froito do traballo coordinado do Equipo de Actividades Extraescolares co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e co Equipo de Dinamización da Biblioteca.

**OBXECTIVOS**

- Contribuír á formación integral do alumnado achegando vivencias e experiencias novas.
- Poñer ao alumnado en contacto con algunhas manifestacións socioculturais do seu entorno, comprendelas e valoralas.
- Valorar as diversas manifestacións da arte (teatro, pintura, arquitectura, música, etc.) e a cultura tradicional da nosa rexión.
- Profundar no coñecemento dos nosos costumes, tradicións e festividades locais.

- Coñecer a nosa contorna e outras localidades da nosa comunidade.
- Fomentar a práctica de actividades deportivas.
- Desenvolver e potenciar os valores de solidariedade e colaboración sociais.
- Complementar os contidos educativos que se implementan na aula nas diferentes unidades didácticas e áreas.
- Desenvolver no alumnado competencia social para desenvolverse en medios que non lle son habituais e que coñezan cales son as normas que hai que respectar cando se realizan actividades fóra da aula.

As actividades extraescolares e complementarias a desenvolver no curso 2022/2023 son as seguintes:

**CELEBRACIÓNS CON NOME PROPIO:**

- Samaín
- Magosto
- Nadal
- Entroido
- Día da Paz
- Día das Letras Galegas

Este curso escolar, tamén se levará a cabo, en colaboración co resto de equipos, un proxecto documental integrado en torno á temática dos **castelos**.

Ademais de todas estas, celebraranse todas as establecidas pola citada Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23, que serán:

- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2022: Día de la Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia y da Paz.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.

- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día de esta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 17 y o 21 de abril de 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Del 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente

# Plan de integración das TIC

A sociedade actual está caracterizada polo veloz crecemento e desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), o que comporta, en xeral, a que se dependa dun maior coñecemento e competencias en materia de TICs. A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación(LOE), regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. Este artigo da LOE é modificado posteriormente pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, a cal engade no seu artigo 57 o punto 7 que indica o seguinte: "A Administración pública velará polo acceso de todos os estudantes aos recursos dixitais necesarios, para garantir o exercicio do dereito á educación de todos os nenos e nenas en igualdade de condicións. Así mesmo, as tecnoloxías da

información e da comunicación (TIC) e os recursos didácticos empregados, axustaranse á normativa reguladora dos servizos e sociedade da información e dos dereitos de propiedade intelectual, concienciando no respecto dos dereitos de terceiros".

O Centro conta cun Plan TIC, que iremos actualizando ao longo do presente curso escolar, co fin de dar resposta ás necesidades do profesorado e das familias para acadar a plena integración das TIC no sistema educativo. Así mesmo, o centro tamén conta cun Plan Dixital, o cal se porá en marcha durante o curso escolar 22/23, e se realizará un seguimento e avaliación do mesmo no presente curso.

Por outra banda, o centro dispón dun aula de informática a cal poderá usar o profesorado ao longo do curso. Dado que o seu uso é compartido, cada mestre/a reservará algunha hora para acudir co alumnado a aula de informática. As horas que queden libres, poderán ser empregadas calquera profesor/a para ir co alumando. O horario da aula será o seguinte:

| HORAS | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:30-10:20 | SILVIA (6º ING) | SILVIA (3º ING). | SILVIA (2º ING) | LIBRE | JÁCOME (4ºB) |
| 10:20-11:10 | LIBRE | LIBRE | ISABEL B. (4ºA-ROB.) | ISABEL B. (4ºB-ROB.) | LIBRE |
| 11:10-12:00 | LIBRE | RUTH (5 ANOS) | LIBRE | LIBRE | LIBRE |
| 12:00-12:30 | RECREO | | | | |
| 12:30-13:00 | HORA DE LER | | | | |
| 13:00-13:45 | LIBRE | LIBRE | ISABEL C.(6º) | ESTHER (2º) | BEGOÑA (1º) |
| 13:45-14:30 | LIBRE | BEGOÑA (1º) | FELIPE (3º) | ESTHER (2º) | ISABEL B. (5º) |

No presente curso académico o equipo está composto por tres mestras do claustro:

- Isabel Blanco Pumar (directora, mestra de Inglés, Plástica e Robótica)
- Silvia Alonso Pérez (mestra de Inglés e Plástica)
- Antonio Fernández Jácome (titor de 4º de Primaria).
- Rosana Cabana González (mestra de Pedagoxía Terapéutica).

A súa coordinadora é Rosana Cabana González (mestra de Pedagoxía Terapéutica).

Os obxectivos marcados para o presente curso son os seguintes:

- ✓ Concienciar ao profesorado do emprego das TIC como unha ferramenta mais a empregar no proceso de ensino – aprendizaxe.
- ✓ Empregar aula virtual como plataforma de formación no ensino mixto.
- ✓ Alfabetizar ao profesorado no introdución de contido na páxina web e na aula virtual, co que se ampliaría o número de usuarios/as e, sería inmediata a divulgación da información a toda a comunidade educativa.
- ✓ Dotar ás aulas de PDI.
- ✓ Xeralizar o uso da aula de Informática, non so para tarefas puntuais.
- ✓ Desenvolver o Plan Dixital.
- ✓ Realizar o seguimento e avaliación do Plan Dixital.
- ✓ Desenvolver o programa de innovación **Polos Creativos.**

Todo o proceso está orientado a apoiar a xestión do cambio de modelo de centro educativo tradicional ao novo centro educativo dixital, fomentando o tránsito:

- ✓ Da aula de informática á informática na aula.
- ✓ Dos actuais libros de texto aos libros dixitais.
- ✓ Da aprendizaxe pasiva á aprendizaxe colaboradora, a investigación e a aprendizaxe activa e interactiva.

- ✓ Do profesor que ensina informática ao profesor que usa a informática para ensinar.

Desta forma todos os alumnos, ao completar a súa formación, deberán posuír competencia dixital.

A aula TIC do centro emprégase de xeito habitual polo alumnado de educación infantil e o alumnado de educación Primaria.

A aula conta con 16 equipos informáticos para o alumnado e un mais de uso do mestre ou mestra, unha pantalla branca e un canón de proxección.

Continuando coa labor de cursos anteriores, traballarase con ferramentas multimedia axeitadas a cada nivel educativo. Asemade, empregarase internet como unha gran fonte de recursos complementarios á hora de buscar e/ou ampliar información para as tarefas requiridas nas distintas áreas do currículo.

Este curso 2022/23 continuarse en 4º de Primaria coa materia de Robótica. Establécese como **docente** desta materia María Isabel Blanco Pumar, mestra especialista en lingua estranxeira con destino definitivo no centro e experiencia nesta temática.

# Plan de dinamización da lingua galega

O Departamento de Dinamización da Lingua Galega está formado polos seguintes membros:

- Esperanza González Rodríguez (Titora de 5º E.I. e coordinadora de E.I).
- Felipe Blanco Míguez (Titor de 3º E.P.).
- Alicia Rivas Fernández (Titora de 4ºA E.P.).
- Paula García Losada (Titora de 5º E.P. e coordinadora do Equipo de EDLG).
- Sonia Sequeiros Otero (Mestra de Audición e Linguaxe).

Os obxectivos propostos polo equipo de Dinamización da Lingua Galega para este ano escolar son os seguintes:

- Potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro así

como proxectos que procuren unha valoración positiva do uso da lingua.

- Usar o galego para o intercambio de información entre todos os membros da comunidade educativa (pais e mestres) e outras institucións (concello, veciños e outros organismos).
- Velar polo cumprimento do acordo que establece que todas as actuacións administrativas de réxime interno se redacten en lingua galega.
- Redactar os carteis informativos e os diferentes comunicados dirixidos á comunidade escolar en lingua galega.
- Fomentar o gusto pola lectura e escritura en lingua galega entre o alumnado.
- Adquirir material bibliográfico e didáctico-lúdico, filmes, música e programas informáticos en galego.
- Promover unha actitude positiva cara a lingua galega eliminando todo tipo de actitudes negativas de cara á utilización do galego por parte de toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).
- Fomentar a explotación da prensa, e da expresión escrita en xeral, na escola; en especial na produción audiovisual. Crear unha serie ou documental en galego con toda a participación da comunidade educativa.
- Poñer ao alumno en contacto coa realidade e coas raíces culturais de Galicia.
- Coñecer as tradicións populares propias da zona (matanza, entroido...) e participar na celebración das festas escolares tradicionais: magosto, Nadal, Entroido...
- Promover a utilización do teatro no Centro.
- Promover o uso da expresión oral en galego nas relacións cos compañeiros/as.
- Continuar fomentando o uso da lingua galega a través o blog creado para tal finalidade.

As actividades propostas para este ano son similares a doutros cursos, adaptándonos á situación actual.

- Recoller propostas e colaborar na celebración das festas escolares tradicionais:
    - Samaín.
    - Magosto.
    - Nadal.
    - Entroido.
- Elaboración de murais temáticos para promover o coñecemento e ampliación do vocabulario básico.
- Colaboración co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares no festival de Nadal, Samaín, Día da Paz, Entroido, etc.., e en todas as actuacións promovidas polo mesmo para que cooperen a un uso natural e normal da lingua galega.
- Apoio ás propostas (concursos, certames, ...) de entidades, asociacións ou persoas, se están dirixidas á consecución de obxectivos acordes cos de normalización da lingua galega e estudo da cultura popular de Galicia, en especial da nosa zona.
- Celebración do Magosto coa participación de todos os alumnos do Centro.
- Recoller e espallar o costume popular: cantigas, refráns, adiviñas, lendas ...
- Recuperar xogos tradicionais.
- Conmemorar o "Día das Letras Galegas" durante o mes de maio realizando actividades relacionadas co autor/a homenaxeado/a e co uso da lingua galega.
- Estudar e traballar sobre o uso do Galego en diversos ámbitos da sociedade (no contorno do centro de Maceda).
- Colaborar co Equipo de Dinamización da Biblioteca para realizar diversas actividades que conmemoren a "Semana do Libro".

# Programa anual de lectura

Durante este curso escolar vaise propor, ao igual, que outros anos que a biblioteca sexa o eixe dinamizador das diferentes actividades que se leven a cabo no centro.

**COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE BIBLIOTECA:**

**Coordinadora**: Esther Fuentefría Rodríguez.

**Membros**:

- Montserrat Fernández Rodríguez
- Isabel Cid Rivero
- Mª Reyes López Rodríguez

Este equipo coordinará activamente co resto do profesorado, para levar a cabo todas as actividades que se propoñan, e co Equipo de Normalización Linguística e profesorado responsable das Tics. Ao mesmo tempo, coordinaranse as actuacións para o desenvolvemento do Proxecto Lector, para melloralo, facer un seguimento do mesmo, e para elaborar o Plan para o Fomento da Lectura.

A Biblioteca Escolar do CEIP Plurilingüe de Maceda está integrada no programa de xestión de bibliotecas PROXECTO MEIGA.

**HORARIO PREVISTO**

Neste curso volveremos á normalidade e a Biblioteca estará aberta nas horas de lecer e atendida polas mestras do Equipo de Biblioteca.

O préstamo será realizado por cada titor nas horas que a continuación se detallan.

| HORARIO DO EQUIPO DE BIBLIOTECA CURSO 2020-21 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Luns** | **Martes** | **Mércores** | **Xoves** | **Venres** |
| **9:30 - 10.20** | | | ESTHER | | |
| **10:20 - 11.10** | | | | Préstamo INFANTIL | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **11.10-12.00** | BIBLIOTEC A ESTHER REYES | BIBLIO ESTHER | REYES MONTSE ISA | Préstamo INFANTIL | |
| **12.00-12.30** | GARDA ESTHER | GARDA MONTSE | GARDA ESTHER | GARDA REYES | GARDA ISA |
| **12.30-13.00** | HORA LER DE | HORA LER DE | HORA LER DE | HORA LER DE | HORA LER DE |
| **13.00-13.45** | BIBLIO 1º Primaria | | MONTSE | | BIBLIO 5º Primaria |
| **13.45-14.30** | BIBLIO 4ºA | BIBLIO 3º Primaria | BIBLIO 6º | BIBLIO 2º PRIMARIA | BIBLIO ESTHER BIBLIO 4ºb |
| **15.30-18.30** | REUNIÓNS | | | | |

**OBXECTIVOS**

- Considerar a Biblioteca como un espazo central da vida diaria do Centro, tanto para alumnado como para profesorado.
- Fomentar o hábito lector entre o noso alumnado.
- Revisar o Proxecto Lector do centro.
- Potenciar a compresión lectora como base de toda a aprendizaxe.
- Deseñar actividades para axudar ao alumnado na adquisición de técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora.
- Adquirir hábitos de responsabilidade no uso e manexo dos libros así como de material audiovisual.
- Colaborar co profesorado proporcionándolle o material de lectura ou consulta axeitado para el ou os seus alumnos.
- Empregar o orzamento que provén tanto da Consellería como dos orzamentos do Centro para ampliar o fondo bibliográfico.
- Difundir e ensinar o funcionamento básico da biblioteca escolar.
- Seguir empregando o Programa Meiga para catalogar os novos fondos, así como todo o material que queda nas bibliotecas de aula e que se irá engadindo aos fondos da Biblioteca central.
- Uso por quendas da biblioteca escolar. O alumnado estará acompañado

sempre por un mestre e as actividades levadas a cabo poden ser desde o préstamo ata a investigación, lectura, elaboración de traballos ou as actividades propias deseñadas desde a biblioteca.

- Actualizar os carnés dos lectores para o presente curso.
- Continuar coa formación de usuarios, involucrando a todo o profesorado no manexo do Proxecto Meiga no que a préstamo de libros se refire.
- Colaborar coa biblioteca municipal participando nas distintas actividades propostas pola mesma, sempre que a situación sanitaria o permita.
- Promocionar o préstamo e recomendación de lecturas entre o alumnado.
- Ter en conta o Proxecto Lector que se manifestará na merca de materiais axeitadossegundo o proxecto, na dinamización de actividades relacionadas coa lectura e sendo fonte de apoio para a aprendizaxe e busca de información para distintos proxectos de investigación e traballos de aula.

**ACTIVIDADES**

As actividades permitirán o uso da biblioteca como un espazo lúdico, como un recurso para integrar as aprendizaxes de todas as materias do currículo e como lugar de investigación e de tratamento e sistematización da información.

- Este ano debido a situación xerada polo Covid-19 intentaremos levar a biblioteca ás aulas intentando facer ver que pese a situación que estamos a vivir a lectura é unha forma lúdica de entretemento.
- Formación de usuarios: dar a coñecer ao alumnado e profesorado as normas de funcionamento da BE.
- Continuaremos coa clasificación por CDU, adaptada ás Bibliotecas Escolares.
- Participación naquelas actividades que propoña a Biblioteca Municipal, sempre que sexa posible e a situación sanitaria o permita.
- Levar as propostas do equipo de BE á CCP.
- Continuar coas actividades iniciadas en cursos anteriores.

- Traballaremos a vida e obras do autores aos que se lle dedica cada ano o día das Letras Galegas.
- Realización de murais dedicados aos autores galegos conmemorados.
- Conmemoracións dos días sinalados no calendario escolar (Día das Bibliotecas, Día do libro, Día da Paz, Magosto, Samaín, Entroido...)

**PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES POR TRIMESTRES PARA O CURSO 2021-22**

1º TRIMESTRE (entre outras)

- Exposición das novas normas de uso da biblioteca. Presentación das caixas de préstamo aos diferentes cursos.
- Elaboración dos novos carnés. (PROFESORADO E ALUMNADO NOVO). Revisión do plan de lectura.
- Elaboración dun proxecto común para todos os cursos do centro. Celebración do mes das Bibliotecas Escolares.
- Celebración do Samaín cunha exposición de portadas ou relatos terroríficos nos que o alumnado poderá contar coa participación das súas familias.

2º TRIMESTRE

- Celebración do día da paz.
- Celebración do día de Rosalía, en colaboración con "EDLG" Exposición de libros sobre a muller traballadora.
- Celebración da Semana da Prensa. Exposición de traballos feitos ao longo do curso.
- Celebración do día da árbore e da Poesía.

3º TRIMESTRE

- Exposición dos traballos en relación as actividades do proxecto de centro. Contacontos, encontros con autores ...( se o permite a situación sanitaria). Apadriñamentos lectores.
- Colaboración co EDLG para as actividades relacionadas coas Letras Galegas.

## Proxecto lector

O Proxecto Lector do Centro que se elaborou durante o curso 2008-2009, e actualizado no curso 2021-22, ten como obxectivos os seguintes:

- Incluir no PEC, PCC e PXA a idea da necesidade da lectura, adicándolle os recursos materiais e personais que requira.
- Implicar ao profesorado do Centro para que realice un plan de lectura anual que se incluirá na PXA.
- Favorecer o gusto pola lectura como alternativa de ocio e como recurso para o desenrolo integral dos nosos alumnos.
- Mellorar a competencia lectora do alumnado tanto a nivel mecánico como a nivel de comprensión, dándolle significatividade , utilidade e espírito crítico ao aprendido.
- Implicar ás familias no Proxecto Lector.
- Fomentar o uso da biblioteca do Centro como recurso para "Aprender a aprender".
- Elaborar estratexias para erradicar, na medida do posible, as dificultades atopadas nalgúns dos nosos alumnos.
- Dinamizar as bibliotecas de Centro e de Aula, a través de actividades atraentes para toda a comunidade escolar.
- Favorecer o uso dos recursos informáticos e internet para a obtención de información, ademais dos xa coñecidos: xornais, folletos, revistas, anuarios….
- Potenciar o uso da biblioteca municipal.
- Implicar ao profesorado en actividades de formación neste ámbito.
- Establecer media hora de lectura diaria a nivel centro tal e como recolle a LOMCE. Neste curso queda establecida de 12.30 a 13.00 horas.

**PLAN PARA O FOMENTO DA LECTURA 1º e 2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Dificultades atopadas**

- Falla de atención, interese e motivación cara a lectura.
- Falla do hábito lector.
- Dificultades na pronunciación, entoación, velocidade e ritmo na lectura.
- Escasa comprensión lectora.

**Medidas a adoptar**

**Obxectivos**

- Favorecer o gusto pola lectura a través de textos axeitados a súa idade e tendo en conta os seus intereses e motivacións.
- Iniciar aos alumnos e alumnas na escritura mediante o desenvolvemento de habilidades grafomotoras básicas e nas habilidades básicas á hora de compoñer textos sinxelos.
- Afianzar a competencia lectora tanto a nivel de comprensión como de fluidez.
- Identificar o fío argumental dun texto e algunha das súas ideas secundarias, así como os seus personaxes.
- Perfeccionar a pronunciación, entoación, velocidade e ritmo de lectura.
- Potenciar a lectura como unha fonte de saber; a través de diferentes medios: prensa, internet, lendas...
- Fomentar o uso das bibliotecas de centro, de aula e a do concello.
- Potenciar o desenvolvemento da súa creatividade, fantasía e imaxinación.
- Solventar dificultades de expresión oral a través da dramatización, debates, postas en común...

**Actividades**

- Lecturas individuais e colectivas.
- Emprego da biblioteca de aula e do centro.
- Lectura diaria na escola e na casa (tempo mínimo de 30 minutos).
- Participación en concursos.
- Encontros con animadores, autores ou contacontos.
- Composición de redaccións, adiviñas, poemas, etc...axeitados ás súas competencias.
- Recompilación de adiviñas, refráns, lendas, contos...

- Dramatización /representación de contos.
- Recitación de poemas ou rimas.
- Elaboración de resumos.
- Ilustración de contos.
- Realizar fichas sobre libros.
- Actividades de audición.
- Traballo con pictogramas.
- Posta en común, comentario, e debate sobre lecturas colectivas.
- Emprego de medios como a prensa e Internet para a busca de información a través da lectura.
- Realización de murais sobre algunha lectura.
- Realización de talleres de expresión plástica en relación coas lecturas traballadas (marcapáxinas, collages, xogos...).
- Obradoiro de creación de contos a partir de ilustracións.
- Invención de contos e poesías, coidando a orixinalidade e a presentación.
- Lectura e dramatización de contos aos alumnos doutras aulas.
- Celebración de datas significativas:
- Día da Biblioteca escolar . -Día do libro: 23 Abril. -Día das Letras Galegas.

**Recursos materiais**

- Libros de texto das diferentes áreas.
- Libro de lectura 1º : - 1 x 8-Ocho libros en uno. Itinerarios de lectura 1. Ed.Santillana.
- Libro de lectura 2º : -¡Pon, pon! ¿Quién es? Ed.Santillana.
- Recursos da biblioteca de aula e de centro.
- Textos, revistas, etiquetas, carteis, etc...
- Materiais TIC. Materiais audiovisuais (CDs de contos, películas...).
- Libro dixital.
- Xornais, Internet, folletos...
- Láminas ilustrativas e outros materiais adaptados para 1º e 2º curso.
- Fichas de control de lectura.

**Metodoloxía**

Tendo en conta que pretendemos que o alumnado adquira un hábito de

lectura, e dado que un dos factores máis destacables da metodoloxía nestas idades temperás é o establecemento dunha rutina de traballo, dedicaremos á lectura individual un tempo mínimo de media hora diaria e animaremos tamén as familias para que fagan o mesmos na casa.

Outro dos aspectos fundamentais é a motivación. Posto que un dos principais obxectivos é o desenvolvemento do interese e a curiosidade dos alumnos/as cara a lectura, realizarase unha selección dos textos, actividades, materiais … tendo en conta que estes sexan atractivos e esperten o seu interese e motivación cara a lectura e o mesmo tempo favorezan a súa imaxinación, fantasía e creatividade.

No referente ás actividades, organizaranse en tres bloques:

- Actividades previas á lectura: para espertar a curiosidade, interese e a imaxinación dos alumnos.
- Actividades durante a lectura: para traballar a comprensión, asegurándonos que van comprendendo o que len.
- Actividades despois da lectura: deixando un espazo para a produción libre dos alumnos, buscando outro final, poñéndose no papel dos personaxes, …

**Temporalización**

A maior parte das actividades desenvolveranse ao longo do curso e as conmemoracións específicas levaranse a cabo nas datas establecidas.

A sesión da hora de lectura realizarase en horario de 12:30 h a 13:00 h.

Estas sesións serán levadas a cabo na aula de 1º pola titora do grupo, pola especialista de PT3 e a mestra de AL1. Na aula de 2º, pola titora, o mestre de E.F, a mestra de AL1 e a mestra de PT2.

**PLAN PARA O FOMENTO DA LECTURA 3º E  CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Na PXA do Centro disponse de trinta minutos diarios dentro do horario lectivo de cada grupo de alumnos para a dedicación ao plan lector.

Os obxectivos desta sesión diaria de lectura son:

<u>Comprensión escrita</u>:

- Favorecer estratexias para ler con fluidez e entoación adecuadas.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados a idade dos alumnos.
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.
- Comprender distintos tipos de textos.
- Utilizar a lectura como ferramenta para obter información de distintas fontes.
- Favorecer habilidades de lectura crítica e interpretativa.
- Ler de forma autónoma e con asiduidade.
- Lectura individual e colectiva guiada de polo menos un libro da biblioteca por trimestre. Apreciar o valor dos textos literarios.
- Establecer, a través da escritura, unha vía de diálogo con outros lectores.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de consulta e como medio de expresión.

Expresión oral:

- Expresar con claridade, ordenada e coherentemente: vivencias, ideas observacións, sentimentos, etc.
- Valorar e aceptar as aportacións propias e dos demais, respectando as normas de intercambio comunicativo.
- Expresión escrita:
- Expresión escrita de relatos, descricións, frases de anuncios publicitarios, resumes, cartas, cómics, fichas bibliográficas, rimas, etc...

Contidos da hora de ler:

Características das situacións e intencións comunicativas.

- Distintos tipos de textos orais: conversacións, rutinas lingüísticas (presentacións e saúdos), relato natural, lectura expresiva, conversacións formais e formularios orais (preguntas e respostas), textos dialogados ficticios (diálogo teatral), textos informativos e expresivos, resumes, cancións, textos publicitarios (cuñas

publicitarias), rimas, anuncios publicitarios, procedementos para opinar ou emitir xuízos, argumentación oral (debate), reformulación, paráfrases, cambio de rexistro.

- Expresión oral de: presentacións e saúdos, anécdotas, relatos, trabalinguas, refráns, recitado de poemas, narracións colectivas, diálogos teatrais, conversacións telefónicas, instrucións, anuncios publicitarios, debates, opinións.
- Textos informativos, cartas (persoais e comerciais), gráficos de localización espacial (planos), diarios, titulares, cómics, contos de suspense, textos informativos sinópticos, descrición de imaxes, textos retóricos, textos publicitarios escritos, narración en terceira persoa (biografía), textos narrativos e instrutivos (fábulas, ensinanzas e refráns), textos expositivos e textos informativos de carácter práctico. Cartas, planos, diarios, titulares, cómics, contos de suspense, carteleiras, biografías, publicidade, fábulas, relatos.
- Expresión escrita de: diarios, fichas de lectura, horarios, pés de foto, enquisas, contos, guións cinematográficos, folletos turísticos, manuais de instrucións, artigos léxicos, caligramas, boletíns de notas, notas para a axenda e xornais.
- Medios nos que se presenta a linguaxe escrita: libros, xornais, cartas, carteis, receitas, servizos, etc.

Ademais das actividades de animación á lectura que se planifiquen, o alumnado lerá polo menos un libro por trimestre.

Hora de ler

Todas as clases teñen integrado nos seus horarios unha sesión de media hora dedicada á lectura. Esta hora de lectura pode facerse, dependendo do tipo de actividade na clase ou na Biblioteca do Centro.

Para traballar ditos textos desde todas as perspectivas posibles, facemos que cada semana estea dedicada a un aspecto e deste modo:

| | |
|---|---|
| - Primeira semana. | Lectura. |
| - Segunda semana. | Expresión escrita. |

| | |
|---|---|
| - Terceira semana. | Expresión oral. |
| - Cuarta semana. | Outras formas de expresión e comunicación (Temas referentes a coeducación, educación en valores,<br>hábitos de vida saudable...). |

En ocasións estas semanas mestúranse con contidos dos diferentes proxectos e programas do Centro.

Tipos de textos

| TIPOS DE TEXTO | PARA: |
|---|---|
| ENUMERATIVO (Luns) | MANEXAR DATOS |
| INFORMATIVO (martes) | INFORMAR |
| LITERARIO (mércores) | DISFRUTAR |
| EXPOSITIVO (xoves) | ESTUDAR |
| DESCRIPTIVO (venres) | FACER |

A-CARACTERÍSTICAS DOS TEXTOS ENUMERATIVOS

FUNCIÓN:

- Localizar informacións concretas.
- Lembrar datos.
- Etiquetar e clasificar.
- Comunicar resultados.
- Anunciar acontecementos.

MODELOS:

- Listas.
- Etiqueta.

- Horarios (cine, TV, actividades escolares….).
- Guías (telefónicas, urbanas…) e axendas persoais. Formularios, impresos oficiais. Carteis, pasquíns, folletos… Índices (libros, revistas, atlas…) Catálogos (comerciais, de exposición…).Menús escolares, de restaurantes…).

CONTIDO:

- Cifras.
- Nomes ou títulos.

B-CARACTERÍSTICAS DOS TEXTOS INFORMATIVOS

FUNCIÓN:

- Coñecer, ou transmitir explicacións ou informacións de carácter xeral.
- O seu obxectivo é o de comprender, ou comunicar, as características principais do tema, sen profundar moito.

MODELOS:

- Diarios e revistas.
- Libros de divulgación, folletos.
- Noticias.
- Artigos e reportaxes.
- Anuncios e propaganda.
- Avisos e anuncios públicos.
- Correspondencia persoal ou comercial.
- Invitacións.
- Entrevistas.

CONTIDO:

Moi diverso, en función do tema (noticias, anuncios, cartas…).

C-CARACTERÍSTICAS DOS TEXTOS EXPOSITIVOS.

FUNCION:

- Comprender ou transmitir novos coñecementos.
- Estudo en profundidade.

MODELOS:

- Libros de texto escolares. Libros de consulta, divulgación.
- Artigos temáticos, informes… Biografías.

- Preparación de exposicións orais e conferencias.
- Reseñas.

CONTIDO:

- Definicións e enunciados .Descricións.
- Explicacións de procesos Resumes, argumentacións.
- Hipóteses e discusión dos resultados.
- Guións, índices, esquemas, mapas conceptuais…

D-CARACTERÍSTICAS DOS TEXTOS LITERARIOS

FUNCIÓN:

- Introducir ao lector sentimentos e emocións especiais.
- Lecer e diversión.
- Comunicar fantasías ou feitos extraordinarios.
- Recordo de acontecementos e emocións vividas polo grupo ou por un mesmo.
- Transmitir valores culturais sociais ou morais.

MODELOS:

- Contos, narracións e lendas…
- Poesía, refráns, cancións, adiviñas…
- Teatro, titores…
- Cómics e banda deseñada.

CONTIDO:

- Fórmulas establecidas de principio a fin (Había unha vez… Colorín colorado…) Descrición de personaxes, situacións, ambientes…).
- Narración de feitos vividos ou fantásticos.
- Comunicación de sentimentos e emocións.

E-CARACTERÍSTICAS DOS TEXTOS PRESCRIPTIVOS

FUNCION:

- Regular de forma precisa o comportamento humano para a consecución dalgún obxectivo.

MODELOS:

- Instrucións escolares .Receitas de cociña.

- Regulamentos, códigos, normas de xogo, de comportamento...) Instrucións de manexo de materiais, aparellos, etc.
- Instrucións para a realización de traballos manuais.

CONTIDO:

- Explicación detallada de como facer unha determinada tarefa.
- Presenza de gráficos e signos para ilustrar o contido.

ESTRATEXIAS PARA TRABALLAR A LECTURA DIARIAMENTE (30 MINUTOS DIARIOS)

1ª SESIÓN:

ESTRATEXIAS DE COMPRENSIÓN:

PREVISIÓN: Serve para motivar de cara á lectura e ensinar ao alumnado a realizar predicións baseándose no título do texto ou nas ilustracións do mesmo.

Que faremos?

Ler o título e dicir que pensan que ocorrerá nesa lectura.

Utilizamos preguntas do tipo: Que che suxire o título da lectura? De que pensas que falará?

A través da lectura do título por parte do mestre, iranse guiando as preguntas co obxectivo de que os nenos falen e expresen situacións persoais relacionadas co que pensan de que pode ir o conto, a lectura, o artigo... Aplicarase a todo tipo de textos.

ESTRATEXIAS FLUIDEZ LECTORA:

Fluidez significa ler con precisión, ritmo e expresividade. Calquera programa de mellora de fluidez ten que traballar por tanto estes tres aspectos. Por iso ao longo das cinco sesións que dedicaremos á lectura semanal, empregaremos distintas técnicas para alcanzar estes tres aspectos que nos levarán á mellora da fluidez lectora dos nosos alumnos.

As investigacións rexeitan fortemente que a metodoloxía de "le ti, logo segue ti", dividindo a lectura en anacos, mellore a fluidez en alumnado con dificultades.

Para que se produza mellora na fluidez fai falta que o alumnado imite a un modelo despois de escoitalo.

Desta maneira, nesta primeira sesión, seguiremos o seguinte procedemento.

Lectura do texto por parte do mestre/ a.

Tamén pode ser oído nun Cd e a van parando repetindo as frases ou sinalando as palabras(isto serve especialmente para alumnado mal lector ou disléxico).

2ª SESIÓN:

ESTRATEXIAS FLUIDEZ LECTORA:

Continuamos traballando a fluidez, a través das seguintes técnicas.

Lectura coral. O adulto vai lendo e toda a clase xunta o vai repetindo. Mentres que se produce a lectura do modelo, vaise explicando o vocabulario que non se coñeza e incluso o adulto pode facer algunhas aclaracións á lectura.

O alumnado le repetindo as frases que leu o mestre/a. Pódese ler alternativamente profesorado e alumnado cambiando os parágrafos. Esta técnica emprégase moito con alumnado con problemas lectores.

ESTRATEXIAS DE COMPRENSIÓN:

Traballamos o vocabulario: Hai que programar que vocabulario se quere ensinar ao alumnado e deseñar unha estratexia para a súa aprendizaxe.

O alumnado pode ter un caderno pequeno, de peto, no que vai anotando as palabras que se van aprendendo. Este caderno revísase de vez en cando e incluso se pode avaliar. En cada lectura, o vocabulario que o mestre/a queira que se aprenda é posto en negriña, subliñado, etc. Entre todos e todas explícase que quere dicir e se engade á libreta de vocabulario novo. Hai que ir facendo moitas referencias ao vocabulario que se vai adquirindo.

3ª SESIÓN:

ESTRATEXIAS DE FLUIDEZ LECTORA:

Ler por parellas. Pídeselle aos alumno ou alumnas que avalíen a fluidez do modelo ou doutros compañeiros ou compañeiras, así fáiselles conscientes dos procesos lectores e motívanse para a súa mellora.

ESTRATEXIAS DE COMPRENSIÓN:

A mellora da comprensión lectora non se produce, lendo simplemente. Hai que ensinarlle ao alumnado unha serie de estratexias que llo facilite.

A comprensión lectora consta de tres elementos: literais, interpretativos e críticos. Hai que traballar estes tres aspectos. Tradicionalmente só se traballan as preguntas literais nas que o alumnado ten que recordar de memoria o lido. Desta forma non se mellora a comprensión lectora, hai que traballar os tres elementos mencionados e farémolo nas tres sesións que nos quedan.

Nesta sesión traballaremos a comprensión a partir de:

Cuestionario de preguntas literais: Fan referencia a aspectos que aparecen indicados no texto. As preguntas deben ser relevantes para o valor da mensaxe que queremos traballar. O mestre/a debe elaborar o cuestionario para traballalo na clase cos seus alumnos.

Podemos reforzar esta sesión animando aos alumnos/as a facerse autopreguntas ao longo da lectura, para acadar unha mellor comprensión.

4ª SESIÓN:

ESTRATEXIAS FLUIDEZ LECTORA:

Lectura silenciosa individual: seguimos traballando precisión, ritmo e expresividade.

ESTRATEXIAS DE COMPRENSIÓN:

Nesta sesión traballaremos a comprensión a partir de:

Cuestionario de preguntas inferenciais: debemos ter claro que o alumnado ten que entender que inferir consiste en extraer información do texto unha vez que se leu e entendeu (ler entre liñas). A resposta a este tipo de preguntas non ven expresada explicitamente no texto, senón que serán os alumnos os que terán que interpretar a información recollida no texto para poder dar resposta a estas preguntas. Este tipo de preguntas axudan moito máis a mellorar a comprensión que as anteriores.

O mestre/a debe elaborar dito cuestionario para traballalo na aula cos seus alumnos/as.

5º SESIÓN:

ESTRATEXIAS FLUIDEZ LECTORA:

Lectura expresiva:

O mestre/a le ante o alumnado e failles ver e descubrir as variadas emocións presentes nas personaxes. Asigna distintos personaxes ao alumnado e estes ensaian repetidas veces a lectura.

ESTRATEXIAS DE COMPRENSIÓN:

Cuestionario de preguntas valorativas: Son preguntas de carácter crítico nas que o lector ou lectora debe manifestar as súas crenzas sobre o valor traballado na lectura. Dependen do sistema de valores que teña cada un.

O mestre/a debe elaborar dito cuestionario para traballalo na aula cos seus alumnos/as.

LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS PARA 3º E 4º DE PRIMARIA:

- Érase una vez Don Quijote.
- Los Zorros del Norte.
- El mundo de papá.
- La noche de los cuchicuchis.
- El año de los piojos.
- Harry Potter e a pedra filosofal.
- Harry Potter e a cámara segreda.
- O misterio dos fillos de lúa.
- Andanzas de Xan Farrapeiro.

MÉTODO DE TRABALLO NAS AULAS DE 3º E 4º ED.PRIMARIA

Coa finalidade de que haxa continuidade co traballado nos tres cursos anteriores (1º, 2º e 3º de E.P) e dado o grao de funcionalidade e eficacia obtido, o método de traballo a seguir nas aulas de 3º e 4º E.P será o seguinte:

Os obxectivos propostos anteriormente abordaranse, na medida do posible, de xeito globalizado en cada sesión diaria; sen facelo por semanas nin por tipos de texto diarios.Os mestres/as traballarán coordinados e reflectirán os datos referentes á lectura na correspondente ficha de seguimento establecida a nivel de centro.

Para iso empregaremos:

-Os libros de lectura: ”A Nave dos Libros ” Ed. Santillana (en galego) e o libro ” Lecturas ” Ed.Vicens Vives ( en castelán), libros que presentan diferentes tipos de textos adaptados á idade do alumnado e a través dos cales traballaremos

a lectura, a expresión escrita, a expresión oral, a comprensión, o vocabulario... adaptándonos ás estratexias expostas anteriormente.

Alternaremos a lectura en galego e a lectura en castelán, empregando unha semana o libro en galego e a seguinte en castelán, e así sucesivamente.

-Os resumos de cada unidade para favorecer a aprendizaxe do alumnado coa idea de que comprendan e adquiran mellor os contidos traballados.

-Textos adaptados a unha conmemoración ou data sinalada.

-Textos aportados polos alumnos e que lles resulten motivadores.

-Outro tipo de textos.

Animaremos ás familias a que tamén participen na adquisición do hábito lector dos seus fillos.

**PLAN PARA O FOMENTO DA LECTURA 5º e 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Dificultades atopadas**

- Certos problemas de pronunciación, entonación, velocidade e ritmo na lectura.
- Lagoas na comprensión lectora.
- Problemas para identificar as ideas principais e as secundarias nun texto.
- Escasez de vocabulario.
- Falta de creatividade, fantasía e imaxinación.
- Falta de atención.

**Medidas a adoptar**

**Obxectivos**

- Perfecionar a pronunciación, entonación, velocidade e o ritmo na lectura.
- Recoñecer a estructura dun determinado texto (presentación, nó e desenlace).
- Distinguir os diferentes tipos de textos (narrativo, descriptivo, expositivo...).

- Recoñecer o sentido global dun texto e identificar as ideas principias e secundarias do mesmo.
- Fomentar o uso do dicionario.
- Potenciar o uso das bibliotecas municipal, de centro e de aula.
- Desenrolar a escritura e inicio desta con pequenas composicións.
- Desenrolo da creatividade, fantasía e imaxinación.
- Coñecer algúns autores para tomar contacto cos creadores das historias.

**Actividades**.

- Lectura obrigada de dous libros por trimestre (alternando a lingua galega e a lingua castelá) .
- Lecturas comúns.
- Lecturas individuais.
- Traballos con prensa e revistas infantís.
- Uso do diccionario.
- Uso da biblioteca de Aula.
- Oferta de lecturas relacionadas coas outras áreas curriculares.
- Celebración de datas significativas:
- 24 outubro (Día da Biblioteca).
- 23 abril (Día mundial do Libro).
- Día das Letras Galegas.
- Encontros con animadores, contacontos e autores.
- Participación en concursos.
- Elaboración de resumos de textos dados.
- Elaboración de cómics, redacións, poemas, retahílas..etc.
- Elaboración de pequenos contos, tipo "troquelados".
- Elaboración de murais con temas das lecturas.
- Elaboración dun dossier para recoller os traballos de: lendas, poesías, histórias, fábulas...
- Debates de determinadas lecturas con puntos de vista diferentes.
- Dramatización de textos (situación na época, tempo e lugar que acontece a historia).

- Somos quen de atopar información e plantexar actividades que poñan en práctica a búsqueda de información en libros, internet,...
- Obradoiro de reescritura de obras narrativas de aventuras adaptadas as idades dos discentes.
- Interación mediante a lectura entre alumnos/as de distintas idades. Consiste na lectura de contos en galego e castelán por parte dos discentes de 5º e 6º de E. Primaria aos alumnos/as doutros cursos coas técnicas de animación: " adiviña que conto é", "lectura en parellas" e "lectura de contos de páxinas web".

**Recursos materiais**

- Libros del texto das diferentes áreas.
- Recursos das bibliotecas municipais, de centro e de aula (libros,
- dicionarios, de consulta,...).
- Materiais audiovisuais (películas, diapositivas, música, ...).
- Materiais TIC.
- Láminas ilustrativas e outros materiais adaptados para os cursos 5º e 6º de EP.
- Soportes textuais cotiás: prensa, receitas, carteis, etiquetas folletos...)
- Material funxible para a realización de actividades.
- Fichas de control de lectura.
- Dicionarios, enciclopedias, dicionarios de sinónimos y antónimos...

**Metodoloxía**

A metodoloxía variará dependendo do momento no que se realicen as actividades.

Sempre se traballarán actividades previas á lectura, durante esta e despois dela.

Comenzaremos pola análise de textos sinxelos para pasar logo a textos máis complexos.

A súa vez leranse libros seleccionados para o curso e se traballara outros tipos de textos: prensa escrita, xornáis dixitais, poesía, teatro, narrativa etc...

**Temporalización**

A maior parte das actividades desenrolaranse ao longo do curso, dedicándolle polo menos unha hora semanal.

As conmemoracións específicas como as Letras Galegas, día da biblioteca, semana da prensa.. faranse nas datas establecidas polo calendario.

Hai que destacar que os encontros con animadores, contacontos ou autores serán anuais.

# Plan de utilización das instalacións do centro

Toda aquela persoa, organización ou institución que queira facer uso das instalacións do centro deberá cubrir unha solicitude que será estudada pola dirección do centro e consensuada cos órganos colexiados (claustro e consello escolar) que axudarán ao equipo directivo a tomar unha decisión.

As normas de uso das instalacións do centro así como os criterios para a súa concesión recolleranse nas Normas de Organización en Funcionamento do Centro.

A ANPA poderá utilizar as instalacións do Centro para a realización das súas actividades sempre despois do acordo do Consello Escolar.

A dirección do centro concederá a autorización sempre que o destino sexa a finalidade propia das ditas institucións e mentres non se altere o normal funcionamento do centro.

As instalacións do centro poranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, para a realización de cursos para educación de adultos,...

Os posibles danos polo uso das instalacións será responsabilidade dos interesados, debendo deixar todo en perfecto estado.

# Plan de actividades propostas pola ANPA

Dende a ANPA do CEIP Plurilingüe MACEDA, un curso máis, pretendemos complementar a actividade educativa e formativa do Centro ofertando diversas actividades extraescolares.

A elección do contido destas actividades ven dado novamente pola demanda directa das familias.

Intentamos que haxa accesibilidade a un bo abano de opcións sen ter que desprazarnos ao núcleo urbano de Ourense.

Deste xeito acadamos diversos obxectivos:

1. Conciliar horarios coas familias
2. Evitar desprazamentos innecesarios
3. Facilitar aos nosos cativos o acceso a un importante número de actividades diversas, co fin de
potenciar as súas capacidades, aptitudes e intereses.
4. Abaratar costes das actividades

Mantemos a boa comunicación co profesorado e a dirección do colexio, o cal nos facilita os espazos para desenvolver as actividades.

Dende hai 11 anos imos renovando e aumentando a oferta de actividades. Para este curso 2022/2023 son as que seguen:

| | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|
| 15:30<br>16:30 | Aeromodelismo | Inglés | Xadrez | Pintura |
| | | | Patinaxe | Inglés |
| 16:30<br>17:30 | | Baile | | Inglés |
| 19:30<br>20:15 | | | | Natación |

A maiores incluímos varias celebracións:

- Samaín
- Magosto

- Nadal
- Igualdade
- Fin de curso

# Plan de Autoprotección

Para facer fronte a calquera incidencia que afecte á seguridade do persoal do centro e do alumnado, así como das instalacións escolares, contamos cun Plan de Autoprotección en cumprimento da Orde de 22 de Xullo de 1.997.

**Localización e equipamento da caixa de urxencia escolar**

Hai dúas caixas de urxencia, unha na sala dedicada á atención médica, procurando sempre que estea suficientemente equipada.

**Plan de evacuación**

Detrás das portas de cada dependencia do centro estará colocado un plano que indica como hai que proceder para saír en caso de emerxencia.

Ao longo do curso e sempre que a situación COVID o permita realizarase un simulacro de evacuación de emerxencia informando previamente aos alumnado dos seguintes puntos:

- Sinais que identifiquen a situación de emerxencia.
- Información sobre a situación de emerxencia.
- Explicación dos pasos que deben seguir desde que se produce a situación de emerxencia ata que o centro sexa desaloxado completamente.

**Sistema de seguridade**

O centro conta con vallas protectoras, extintores, debidamente revisados e total cobertura de dispositivos de alarma.

**Protección do alumnado**

Os alumnos só poderán abandonar o centro en horario escolar, co permiso do titor/a e sempre que se fagan cargo os pais ou persoas debidamente autorizadas.

Co obxecto de facilitarlles asistencia sanitaria aos alumnos deste centro

que sufran algún tipo de accidente ou indisposición durante a actividade escolar, solicítase de cada un dos pais a fotocopia da tarxeta da seguridade social. Ditas fotocopias quedarán arquivadas na secretaría do centro.

En caso de accidente leve dun alumno, os profesores encargaranse de curalos; nos casos que se sospeite dunha certa gravidade, porase de inmediato en coñecemento da familia, e avisarase de inmediato ao servizo de saúde, (centro de saúde ou 112). No suposto de que un familiar non puidera facerse cargo do alumno accidentado ou indisposto ou a urxencia o requira, acompañará ao alumno -preferentemente a unha institución sanitaria da Seguridade Social- o seu titor/a ou outro mestre do Centro, provisto, se procede, da fotocopia da tarxeta de beneficiario da Seguridade Social.

**Utilización das instalacións do centro**

Cada grupo de alumnos ten asignada unha aula. Dada a estrutura do edificio (dúas plantas), no andar baixo quedan situadas as aulas que corresponden a cada un dos tres cursos de Educación Infantil, e os catro primeiros cursos de Educación Primaria, no andar alto están as aulas que corresponden a cuarto A, quinto e sexto cursos de Educación Primaria.

Para impartir as especialidades de Lingua Estranxeira, Educación Musical, Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe e Educación Física, ademais da aula de referencia, o centro dispón de:

- Aula de inglés (andar baixo).
- Aula de informática (andar alto).
- Aula de Música (andar baixo).
- 3 aulas de Pedagoxía Terapéutica (tres no andar alto)
- 2 aulas de Audición e Linguaxe (un no andar alto e outra no andar baixo).
- Patio.

Son espazos de uso común para todos os membros do centro o comedor, a biblioteca, a aula de xogos e a aula de informática.

A utilización da biblioteca e do comedor queda regulada polo disposto nas NOFC do centro.

Cando un grupo de alumnos teña necesidade de utilizar algún dos outros espazos (aula de informática, audiovisuais, aula de xogos), de forma habitual

ou en horas determinadas deberá comunicalo ao responsable de dita aula ou ao equipo directivo, a fin de que este poida elaborar un calendario de utilización.

# Concreción do Plan de convivencia para o curso

**DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR**

**MEMBROS DO EQUIPO:**

No curso 2022/23, o equipo de dinamización da convivencia escolar estará composto polos seguintes membros:

- Elena Blanca Gómez Vila (Titora de 4º de E. Infantil).
- Mª Consuelo Novoa Romero (Especialista $AL_1$ –Xefa de Estudos).
- Vanessa Dominga Rodríguez Basteiro (Orientadora). Substituta: Tania Novoa Cruz.
- Dinamizadora/ Coordinadora: Mª Begoña Vilarchao Fernández (Titora 1º EP).

**BASES LEGAIS:**

- Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Asemade, tomaremos como referencia a lexislación reflectida no apartado de xustificación legal do Plan de Convivencia do Centro, así como todos os protocolos e documentos do centro vixentes en materia de convivencia escolar.

**OBXECTIVOS XERAIS:**

- Analizar e valorar o clima de convivencia no centro.
- Identificar e detectar os principais problemas de convivencia existentes no centro e propoñer medidas e actividades encamiñadas a atallalos.

- Promover a resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e o cumprimento das normas.
- Revisar e actualizar os diferentes documentos do centro referentes á convivencia escolar.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa.
- Elaborar un informe trimestral e anual da convivencia no centro a través da recompilación de datos proporcionados polos mestres/as titores/as e especialistas, e trasladar ditos informes á Comisión de Convivencia Escolar do Centro.
- Impulsar e promover a formación do profesorado en temas relacionados coa convivencia escolar.
- Proporcionar aos diferentes membros da comunidade educativa materiais, recursos e asesoramento en materia de convivencia a través da xefa do departamento de orientación.
- Colaborar co CIM do Concello.
- Continuar participando e colaborando na Mesa Coordinadora Local para establecer pautas comúns de actuación desde todas as institucións e organismos do Concello en prol da Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Propoñer actividades que favorezan a convivencia no centro.
- Impulsar a participación en actividades como as propostas no Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos.
- Dar visibilidade das datas conmemorativas referentes á convivencia escolar a través da páxina web do centro.
- Participar no proxecto integrado de centro: Érase unha vez un castelo…"
- Informar ao persoal do centro sobre os diferentes protocolos existentes en materia de convivencia.

- Fomentar o respecto aos alumnos e alumnas con discapacidade ou calquer outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Traballar conxuntamente e de xeito coordinado coa coordinadora de Benestar e Protección.
- Promover e organizar actividades en coordinación cos diferentes equipos do centro (EDLG, Actividades complementarias e extraescolares, Tics, Biblioteca) e coas diferentes entidades locais para conmemorar as seguintes datas recollidas na orde do 20 de maio de 2022, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23:
    - 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.
    - 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
    - 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
    - 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
    - 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
    - 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
    - Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa.
    - Do 17 ao 21 de abril de 2023: Semana do Libro.
    - 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
    - 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaranse actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Asemade das actividades recollidas en dita orde, participarase tamén nas conmemoracións do Samaín, Magosto, Nadal, Entroido...

O equipo reunirase nas datas establecidas no calendario de reunións do centro e a dinamizadora/coordinadora do mesmo levantará acta das sesións das reunións.

Na memoria final de curso realizarase unha valoración das actividades levadas a cabo polo equipo en materia de convivencia ao longo do curso e reflectíranse as propostas de mellora que se consideren oportunas.

# Plan para a potenciación das relación da comunidade coa familia

A comunicación, polo tanto, é un dos factores máis importantes dos que inflúen no ambiente de traballo participativo e a través dela todos os estamentos educativos coñecen e comparten as inquedanzas, problemas e metas da Comunidade Escolar.

Para fomentar a participación queremos manter un plan de información fluída e puntual por medio de canles establecidas entre os distintos compoñentes da Institución Educativa.

CAUCES DE INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN.

EXTERNA

- Boletíns- DOG.
- Circulares Consellería.
- Comunicados da Xefatura Territorial.
- Comunicados Inspección.

INTERNA

- NOF
- Plan de Convivencia.
- PEC.
- PXA.
- Memoria anual.
- Claustro.
- Consello Escolar.

- Comunicados.
- Titorías.
- ANPA.

MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- Taboleiro de anuncios en:
  - Sala de profesores.
  - Entrada do Centro.
- Páxina web do Centro.
- Abalar.
- Follas informativas.
- Secretaría.
- Entrevistas persoais.
- ANPA.

Para mellorar a relación coas familias procuramos a súa implicación a través das seguintes vías:

- A través do Consello Escolar
- A través da ANPA
- Reunións dos titores e especialistas coas familias. Unha xeral ao inicio do curso e todas aquelas individuais que tanto titores como familias consideren oportunas ao longo de todo o curso.
  No caso de alumnado de nova incorporación ao centro, terán lugar dúas reunións:
  - Unha coa directora, titores e orientadora ao remate do período de matrícula, onde se lle informa da organización do centro.
  - Outra ao inicio do curso cos respectivos titores para concretar o funcionamento e as normas dentro da aula e en relación ás familias.
- A través das actividades escolares e extraescolares programadas polos titores ou polo centro.
- A través de actividades (charlas…) programadas polo Centro ou polo Concello referentes a intereses manifestados polos pais/nais respecto a educación dos seus fillos/a.

# Plan de Formación Permanente do Profesorado

Durante o curso 2022-2023 levarase a cabo en colaboración co CFR de Ourense un Plan de Formación Permanente do Profesorado coordinado por Silvia Alonso Pérez con tres itinerarios:

- Programas de Plurilingüísmo tamén coordinado por Silvia Alonso Pérez.
- Actualización científica e didáctica do profesorado coordinado por M. Isabel Blanco Pumar.
- Plan Dixital do centro, Educación Dixital coordinado por Rosana Cabana González.

Dentro destas liñas levaranse a cabo actividades formativas de distinta duración estruturadas en cursos e seminarios principalmente.

Na liña de plurilingüísmo afondarase no fomento deste programa con énfase na internacionalización e no programa Erasmus aprobado para este curso escolar.

Na liña de actualización didáctica, a formación versará no traballo das MATEMÁT. mediante o uso de métodos e metodoloxías innovadoras.

Finalmente na liña da Educación Dixital, traballarase a prol da dixitalización das aulas e do profesorado con fin de conseguir os obxectivos establecido no Plan Dixital de Centro aprobado en Consello Escolar no curso anterior.

Ademais deste PFPP o profesorado participa noutras formacións organizadas pola Consellería de Educación, o Ministerio de Educación, a European Schoolnet, as organizacións sindicais e as universidades.

# Plan Xeral de avaliación do centro

Como valoración do funcionamento do centro e do desenvolvemento do proceso educativo realizarase unha avaliación tanto interna como externa que se reflectirá nos distintos apartados da memoria final do curso 2022-2023. Na seguinte táboa relaciónanse os aspectos a avaliar:

| | Aspectos a avaliar |
|---|---|
| **Espazos e equipamentos** | A conservación do edificio.<br>Seguridade e accesos. As barreiras arquitectónicas.<br>Estado dos distintos espazos.<br>Mobiliario.<br>Adecuación ao alumnado.<br>Equipamento.<br>Medios informáticos e materiais didácticos<br>Limpeza. |
| **Proxectos e plans do centro** | Coñecemento polo profesorado dos plans.<br>Nivel de aceptación dos plans.<br>Revisións periódicas.<br>Participación nas revisións e melloras. |
| **Equipo de gobernos e equipos de coordinación docente e profesorado** | A existencia dunha programación específica para o desenrolo das funcións.<br>O nivel de cumprimento dos obxectivos.<br>A utilidade e a relevancia dos contidos.<br>O nivel de cumprimento dos acordos.<br>A eficacia na coordinación das reunións.<br>A asistencia, participación e colaboración dos compoñentes.<br>A fidelidade á hora de recoller contidos e acordos das actas.<br>A suficiencia no nivel de cumprimento do calendario de reunións previstas.<br>O nivel de expectativa cara á utilidade das reunións.<br>O nivel de satisfacción co clima de relación existente. |
| **Proceso docente** | Organización da aula, relación entre os alumnos/as e relación profesor- alumno.<br>Coordinación entre profesorado e especialistas do mesmo nivel e coherencia entre os niveis.<br>A adecuación dos obxectivos ás características do centro e dos alumnos/as<br>A regularidade e calidade da relación cos |

| | |
|---|---|
| | pais/nais e a participación destes na tarefa educativa.<br>Os recursos e materiais utilizados.<br>Os procedementos de avaliación do alumno. |
| **Alumnado** | O coñecemento e aplicación das directrices do documento de atención á diversidade.<br>A utilización dos instrumentos avaliadores que se utilizan para coñecer o rendemento do alumnado que figuran no PCC.<br>O coñecemento por parte dos alumnos/as dos principios que caracterizan o centro.<br>A información suficiente sobre os logros conseguidos polos alumnos/as.<br>A realización de autoavaliacións para coñecer o proceso de progresión.<br>O nivel de entusiasmo, aproveitamento, satisfacción polas actividades propostas.<br>O tratamento para afrontar as dificultades. |
| **Actividades complementarias e extraescolares do centro** | Intervención dos diferentes sectores da comunidade educativa.<br>Adecuación das actividades aos aspectos curriculares.<br>Planificación coordinada das actividades que responde tamén aos niveis de do alumnado.<br>Valoración da actividade ao remate desta. |
| **Servizos de transporte e comedor** | A información puntual sobre estes servizos.<br>Satisfacción xeral dos servizos mencionados.<br>Calidade e abundancia da comida.<br>A adecuación ás características dos usuarios do transporte.<br>A educación como norma para o bo funcionamento dos servizos.<br>O bo servizo de atención e supervisión. |
| **Clima escolar** | Satisfacción sobre o modelo organizativo do centro.<br>A confianza entre profesorado e alumnado.<br>Conciencia da calidade educativa do centro.<br>Información recibida polo persoal do centro.<br>Participación da comunidade educativa.<br>Satisfacción por parte do alumnado respecto ao traballo realizado.<br>Viabilidade sobre o desenrolo dos documentos do centro.<br>Satisfacción dos pais/nais e do profesorado. |
| **Relación co entorno** | A relación coas institucións do contorno.<br>A colaboración entre as autoridades municipais e o centro. |

| | |
|---|---|
| | A realización de entrevistas e reunións cos responsables do alumnado.<br>A participación e colaboración das familias.<br>A participación e colaboración coa ANPA.<br>As pautas de coordinación que o equipo directivo ten establecidas coa xefatura territorial e a Consellería.<br>As pautas de coordinación que o equipo directivo e o Consello Escolar ten establecidas con servizos educativos da consellería. |
| **Plans de Innovación Educativa** | A avaliación permanente destes plans.<br>A integración dos plans na práctica educativa diaria.<br>O grao de satisfacción dos alumnos e profesorado participantes.<br>A valoración por parte da comunidade educativa.<br>A percepción da contribución destes plans a mellora educativa.<br>A integración na PXA. |

En relación á avaliación do alumnado teremos en conta a Orde do 25 de xaneiro de 2022 que actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria e a Orde de Avaliación do 25 de xuño de 2009 para Infantil.

Farase unha avaliación continua, global e que teña en conta o progreso do/a alumno/a no conxunto das áreas e a adquisición das competencias clave. Os criterios e os estándares de avaliación das áreas serán referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como da consecución dos obxectivos.

As xuntas de avaliación e a posterior entrega dos boletíns terá lugar nas seguintes datas:

| | Datas da avaliación | Entrega boletíns |
|---|---|---|
| **1ª avaliación** | 12 de decembro - EI e 1º ciclo de EP<br>13 de decembro – 2º e 3º ciclo de EP | 22 de decembro |
| **2ª avaliación** | 20 de marzo - EI e 1º ciclo de EP<br>27 de marzo - 2º e 3º ciclo de EP | 31 de marzo |
| **3ª avaliación** | 12 de xuño - 2º e 3º ciclo de EP<br>13 de xuño - EI e 1º ciclo de EP | 21 de xuño |

# Programas de innovación educativa

## Programa de Plurilingüísmo e Plurinfantil

Dende o curso escolar 2021-2022 o CEIP de Maceda forma parte da rede de centros plurilingües.

Este novo curso, 2022-2023, o centro tamén pasa a formar parte do programa plurilingüe no segundo ciclo de educación infantil (plurinfantil).

A caracterización de plurinfantil aplicarase a 4º de educación infantil e irá incrementándose curso a curso progresivamente ata completar toda a etapa.

No caso de primaria aplicarase a 1º e 2º e igual con anterior irase incrementado curso a curso ata completar toda a etapa de Primaria

A materia que forma parte do programa plurilingüe en lingua inglesa é Educación Plástica. O profesorado que imparte a materia dentro deste programa é o seguinte:

- 4º de Educación Infantil: Silvia Alonso Pérez
- 1º de Educación Primaria: Silvia Alonso Pérez
- 2º de Educación Primaria: Silvia Alonso Pérez.

Establécese como coordinadora do programa plurilingüe Silvia Alonso Pérez, mestra especialista en lingua estranxeira con destino definitivo no centro.

Formarán parte do equipo docente do programa a coordinadora xa mencionada, María Isabel Blanco Pumar (directora e mestra de inglés) e o auxiliar de conversa adscrito ao centro,

O equipo de docentes reunirase con periodicidade mensual para revisar o traballo realizado, establecer as medidas de apoio e reforzo necesarios, planificar o traballo da auxiliar de conversa e programar distintas actividades complementarias e extraescolares.

Na seguinte táboa podemos ver a totalidade do alumnado que forma parte do programa plurilingüe:

| | Grupo | TOTAL |
|---|---|---|
| 4º Infantil | A | 17 |
| 1º Primaria | A | 17 |
| 2º Primaria | A | 21 |

A principio de curso e durante a súa duración programaranse diversas actividades complementarias e extraescolares relacionadas coa lingua estranxeira e as materias CLIL tendo en conta a duración, presuposto e viabilidade de cada unha delas. Prevemos que se realizarán as seguintes:

- Conmemoración de distintas datas de procedencia anglosaxona durante todo o curso: Halloween, Christmas, Thanksgiving day, Easter…
- Asistencia a unha obra de teatro sempre que sexa posible.
- Animación a lectura.

Para poder lograr a efectividade do programa plurilingüe estableceremos os seguintes mecanismos de seguimento e avaliación:

- Observación do proceso de ensino-aprendizaxe nas áreas de inglés, coñecemento e plástica.
- Análise da eficiencia do método que se está a utilizar.
- Revisión continua da programación docente das áreas que forman parte do proxecto.
- Estabelecemento duns criterios de promoción e avaliación claros e concisos.
- Creación dun rexistro de datos do alumnado participante onde se poidan analizar os avances de maneira individualizada.
- Utilización de fichas de avaliación para as diferentes unidades didácticas.
- Inserción dentro da programación de lingua estranxeira de mecanismos de reforzo e ampliación para os contidos lingüísticos traballados nas

áreas de plástica e coñecemento.

- Programación de actividades de reforzo na lingua materna para o alumnado que o precise.
- Análise dos resultados obtidos na memoria final.
- Avaliación inicial nas materias obxecto de estudo no segundo curso de Primaria.

## Seccións bilingües

A Xunta de Galicia xustifica a creación de seccións bilingües (ORDE do 18 de abril de 2007) nos procesos de globalización e plena integración no marco da Unión Europea, nos que se demanda unha educación plurilingüe como compoñente básico da formación dos cidadáns. Ademais, considérase que a aprendizaxe doutras linguas achega un valor engadido aos sistemas educativos, fomentando o desenvolvemento de diferentes capacidades e integrando valores como o respecto e a tolerancia.

O CEIP Plurilingüe de Maceda esfórzase en procurar ao seu alumnado unha oferta educativa acorde coas innovacións propostas desde as administracións, unha oferta que responda ás necesidades de desenvolvemento da nosa contorna e permita mellorar o dominio das linguas estranxeiras.

As clases bilingües constitúen unha resposta adaptada á diversificación lingüística e cultural de Europa, á mobilidade profesional, á cooperación entre estados/países, á participación nos programas educativos europeos e á intensificación dos intercambios escolares.

Durante o curso escolar 2022-2023 as seccións bilingües aplicarase a catro niveis de Educación Primaria, 3º, 4º , 5º e 6º respectivamente, polo que se impartirá inglés na área de Educación Plástica a razón dunha hora semanal en cada un dos cursos anteriormente citados.

A coordinación do proxecto será levada a cabo por Silvia Alonso Pérez (mestra definitiva de inglés do centro), como mestra implicada en impartir a lingua estranxeira na área de Plástica en 3º e 6º de Primaria.

Como profesorado participante na sección está María Isabel Blanco Pumar, directora e mestra de inglés. Impartirá dita sección en 4ºA, 4ºB e 5º de Primaria.

As seccións bilingües están distribuídas da seguinte maneira:

| CURSO | GRUPO | ALUMNADO PARTICIPANTE | DOCENTE |
|---|---|---|---|
| 3º | A | 23 | Silvia Alonso Pérez |
| 4º | A | 12 | M. Isabel Blanco |
| 4º | B | 13 | M. Isabel Blanco |
| 5º | A | 20 | M. Isabel Blanco |
| 6º | A | 16 | Silvia Alonso |

Serán funcións do profesorado coordinador:

- Realizar o seguimento e a coordinación do equipo de profesores/as que forman parte do programa de seccións bilingües.
- Coordinar  a elaboración do proxecto lingüístico.
- Participar nas actividades formativas do profesorado e propoñer novas actividades.
- Participar na elaboración de materiais específicos, revisar e trasladar ao equipo directivo as programacións iniciais e memorias finais.
- Titorizar a persoa nativa de apoio ao programa.

O profesorado participante na sección bilingüe terá como funcións:

- Elaborar a programación específica ao inicia do curso.
- Elaborar unha memoria final.
- Participar nas actividades de formación organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Aqueloutras que sexan necesarias para o desenvolvemento adecuado da experiencia.

Este curso aínda non temos asinada a persoa auxiliar de conversa compartida co CEIP Plurilingüe Eulogio Gómez Franquiera, como apoio nas capacidades orais do alumnado.

O período de duración da actividade do auxiliar de conversa no noso centro debería ir dende o 1 de outubro do 2022 ata ao 31 de maio de 2023 distribuído en 8 horas semanais no noso centro. O seu horario xa planificado, en caso de poder contar con esta figura, quedaría da seguinte maneira:

| | MARTES | VENRES |
|---|---|---|
| **1º SESIÓN** | | Inglés 2º |
| **2º SESIÓN** | Inglés 5º | Inglés 3º |
| **3º SESIÓN** | Inglés 4ºB | Plurinfantil 3anos |
| **4º SESIÓN** | Plástica 1º | Plástica 6º |
| **5º SESIÓN** | Plástica 4º A | |

Entre as súas funcións destacamos:

- Posibilitar a práctica da conversa oral na lingua estranxeira.
- Achegar á cultura do país onde se fala a lingua estranxeira mediante temas de actualidade e actividades lúdicas.
- Proporcionar un modelo de corrección fonética a gramatical na lingua estranxeira.
- Colaborar co profesorado na elaboración de materiais didácticos na lingua estranxeira.
- Colaborar nas actividades e nos proxectos internacionais en que participe o centro.

A principio de curso e durante a súa duración programaranse diversas actividades complementarias e extraescolares relacionadas coa lingua estranxeira e as materias CLIL tendo en conta a duración, presuposto e viabilidade de cada unha delas. Prevemos que se realizarán as seguintes:

- Conmemoración de distintas datas de procedencia anglosaxona durante todo o curso: *Halloween*, *Christmas*, *Thanksgiving day*, *Easter*…

- *Time to read*. Dedicaráselle en determinados cursos de Primaria 20 minutos semanais á lectura de diversos tipos de textos na lingua de estudo.
- Asistencia a unha obra de teatro sempre que sexa posible.
- Animación a lectura.

**Obxectivos das seccións bilingües**

Coa implantación das seccións bilingües pretendemos alcanzar os seguintes obxectivos:

1. Lograr un coñecemento da lingua inglesa de maneira natural.
2. Lograr o dominio das cinco habilidades que caracterizan a aprendizaxe dunha lingua: escoitar, ler, escribir e interacción oral.
3. Adquirir unha competencia similar á lingua materna no idioma inglés que lles permita aos alumnos/as ser capaces de usar unha e outra lingua en calquera circunstancia con parecida eficacia.
4. Coñecer e aprender os aspectos fundamentais que caracterizan á sociedade dos países de cultura inglesa.
5. Valorar o coñecemento de outras sociedades e culturas a través do uso da lingua inglesa.

Para todo isto baseámonos nos seguintes obxectivos lingüísticos, cognitivos, culturais e do propio centro:

**Obxectivos lingüísticos**

- Fomentar a adquisición e a aprendizaxe do inglés a través da área de Educación Artística.
- Traballar a competencia lingüística e comunicativa a través das destrezas *listening. speaking, reading , writing and oral interaction.*

- Desenvolver a competencia comunicativa dos alumnos/as en inglés, empregando como vehículo de comunicación habitual na aula e creando situacións reais de comunicación.

**Obxectivos culturais**

- Coñecer outras culturas e costumes que axudarán ao alumnado a formarse nun ambiente de tolerancia e solidariedade propias dunha sociedade pluricultural desenvolvendo un ambiente de espírito crítico.
- Crear conciencia da diversidade das culturas (inglesa, española e galega)

**Obxectivos cognitivos**

- Reflexionar sobre o funcionamento lingüístico comunicativo de ambas linguas (inglés e español/galego), o que axudará na aprendizaxe das mesmas.

**Obxectivos do centro**

- Fomentar o traballo en equipo entre os mestres especialistas en inglés, o auxiliar de conversa e o resto do equipo docente da sección bilingüe.
- Crear un fondo de recursos materiais (bibliográficos, DVD, CD-ROM, programas informáticos, recursos en rede, publicacións de interese…) adquiridos e de propia creación.
- Dar continuidade e coherencia ao programa entre as distintas etapas do sistema educativo.

**Mecanismos de seguimento e avaliación**

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade humana. Só dende unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha

procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. No que ás seccións bilingües se refire, é preciso avaliar o desenvolvemento realizado a través da súa concreción anual. Para iso, establecemos algúns dos procedementos e instrumentos que poidan ser utilizados para valorar o grao de cumprimento da planificación deste programa, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo. Entre estes procedementos ou instrumentos caben destacarse:

- Reunións entre o coordinador do programa co resto do profesorado implicado no proxecto, e máis coa persoa auxiliar de conversa. Ditas reunións constitúen oportunidades para a reflexión, o análise e o debate, permitindo detectar as dificultades que poidan xurdir á hora de implementar a concreción anual, así como o consenso da súa aplicación e desenvolvemento.
- Cuestionarios cumprimentados por titores e titoras, polo profesorado en xeral e polas familias, que aporten información sobre a percepción do programa, sobre a súa idoneidade, así como sobre a eficacia das actividades levadas a cabo para o seu desenvolvemento.
- Análises dos resultados escolares, que nos dean pistas sobre aspectos a reforzar. Ditos resultados poden poñer de manifesto a necesidade de introducir cambios no programa, que contribúan a unha mellora das expectativas escolares e do rendemento académico do alumnado.
- Memoria final, que contemple todas as conclusións sobre a avaliación levada a cabo, ademais de especificar as técnicas e instrumentos utilizados para a recollida de información, así como de canalizar as correspondentes propostas de mellora que se fagan ao respecto.

## Programa de Inmersión lingüística en España

O proxecto presentado polo CEIP Plurilingüe de Maceda, "Sociocultural Aspects Of The Different English-Speaking Countries Around The World", foi

un dos seleccionados para participar no programa de Inmersión Lingüística establecido en convocatoria de BOE do 13 de maio de 2022, na "Resolución de la Secretaría de Estado de Educación por la que se convocan ayudas destinadas a alumnado de sexto curso de Educación Primaria y segundo curso de Educación Secundaria Obligatoria para el desarrollo de un programa de inmersión lingüística en lengua inglesa en España durante el curso 2022/2023"

Entre 20 e 25 alumnos/as de 6º e 5º de Educación Primaria terán a oportunidade de viaxar a Cáceres entre o 30 de abril ao 6 de maio para realizar unha semana de inmersión lingüística co obxectivo de mellorar a súa competencia comunicativa.

O alumnado asistente será acompañado polas docentes de lingua estranxeira do centro: Silvia Alonso e M. Isabel Blanco.

## Digital Week

Durante o mes de outubro de 2022, o alumnado de 6º curso de Educación Primaria interesado participará no programa de inmersión lingüística en lingua inglesa a través de actividades dixitais, Digitalweek, organizado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O proxecto presentado polo centro foi un dos seleccionados por concorrencia competitiva para participar nesta actividade que se desenvolverá durante unha semana nun campamento en Bergondo (A Coruña).

A participación na "Digital Week" contribuirá a desenvolver algúns dos obxectivos xerais desta Programación Xeral Anual.

## Club de Ciencia

O centro atópase entre os seleccionados para participar no proxecto de innovación educativa da Consellería de Educación "Club de Ciencia" segundo a resolución provisional do 28 de setembro de 2022.

O club de ciencia do centro defínese coma un espazo de aprendizaxe non formal baseado nunha metodoloxía de indagación onde as docentes suxiren

diferentes accións co obxecto de que o alumnado poidan dar resposta as súas curiosidades, aos seus intereses e a resolver problemas. Búscase potenciar a presenza sobre todo feminina no club.

O noso club de ciencia partirá deste paradigma para realizar actividades significativas que redunden na asimilación dos contidos teóricos traballados nas materias do currículo.

**Desenvolvemento**

O club desenvolverase principalmente durante os períodos de lecer. Está dirixido ao alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil e 1º,2º e 5º de Educación Primaria que poderá participar de forma voluntaria.

Intégranse neste proxecto os seguintes mestres do centro:

- Ruth Costa Pascual (coordinadora)
- Elena Blanca Gómez Vila
- Esperanza González Rodríguez
- Montserrat Fernández Rodríguez
- María Begoña Vilarchao Fernández
- Esther Fuentefría Rodríguez
- M. Isabel Blanco Pumar

**Obxectivos**

Os obxectivos que pretendemos que acade o noso alumnado con este proxecto son:

• Promover actividades científico-tecnolóxicas no ámbito do centro.

• Crear un ámbito propicio para a investigación, experimentación e desenvolvemento de ideas.

• Espertar nos alumnos e alumnas o interese pola investigación.

• Xerar curiosidade e entusiasmo polo descoñecido.

• Desenvolver proxectos científicos que redunden nunha mellora da calidade de vida.

• Desenvolver o traballo en grupo coa finalidade dun beneficio colectivo.

• Estimular o respecto polas opinións dos demais.

• Fomentar o espírito crítico.

• Promover a reflexión para extraer conclusións.

• Contribuír ao fomento de valores e hábitos de disciplina, responsabilidade, orde, cooperación e solidariedade entre os seus membros.

**Actividades**

Para acadar estes obxectivos realizaremos unha serie de actividades:

- Realización de experimentos e prácticas científicas.
- Organización de excursións, paseos, visitas, campamentos científicos, etc.
- Participación en charlas e conferencias.
- Proxección películas e vídeos de carácter científico.
- Publicación dos traballos realizados polos alumnos e alumnas na páxina do centro.
- Participación en eventos de carácter científico.

**Metodoloxía**

A metodoloxía que pretendemos seguir terá como base o principio de actividade, é necesario o traballo de todo o alumnado para que o proxecto funcione e, a pesar de realizar puntualmente algunha tarefa de modo individual, terá prioridade ante todo a colaboración e a cooperación na solución das tarefas e dos conflitos que poidan ter lugar.

A metodoloxía de traballo será eminentemente práctica, realizaranse algunhas sesións explicativas ao comezo para establecer os fundamentos e a base necesaria para poder realizar os experimentos e tarefas

Pretendemos o modelo de ensino baseado na indagación e a experimentación que incorpore a ciencia e potencie as aprendizaxes do noso alumnado. e avaliar, documentar e validar as experiencias para compartilas de forma publica co resto do alumnado e da comunidade educativa.

Educar nas vocacións STEM é facilitar o desenvolvemento de procesos de pensamento que permitan ao estudante construír e compartir significados no contexto das catro disciplinas e abordar e resolver problemas razoando

cientificamente. Isto supón, desenvolver e incrementar no estudante, a capacidade de explicar o mundo que o rodea a través de procedementos propios da ciencia e de utilizar os coñecementos que derivan dela como unha ferramenta para a vida e para autoaprendizaxe.

## Deporte Escolar

A materia de Educación Física será impartida en todos e cada un dos cursos da Educación Primaria. Esta materia contribuirá á práctica da actividade física saudable e segura, tratando de que o alumnado a realice de xeito frecuente mais aló do centro. Ademais tamén se contribuirá á Educación para a Saúde e hábitos básicos de hixiene.

Está materia está directamente relacionada co Deporte escolar, do cal será responsable e coordinador Manuel Borrajo Fernández.

Prográmanse varias actividades a nivel centro:

- Xogos de magosto
- Xogos de Entroido
- Torneos deportivos na primavera
- Torneos a nivel aula (nas horas lectivas de Educación Física)
- Saídas no entorno: Circuíto de orientación no Castelo
- Saídas no entorno: Actividade co Club Ciclista Maceda
- Solicitude de actividades no Centro por parte de técnicos da Federación dalgunha disciplina deportiva

Ademais dende o área de Educación Física comezará a traballar seguindo as directrices DAFIS, tratando que o alumnado sexa consciente da súa realidade e o motive a mellorar dentro das súas capacidades e posibilidades. Desta forma tratarase de mellorar a súa saúde a través da práctica regular de actividade física e combater a inactividade física, o sedentarismo, etc.

Por último, dentro da actividade deportiva lúdica, prevese, tras dous anos e medio de parón, actividades con outros centros educativos da contorna,

organizados pola Asociación deportiva da Alta Limia, cos centros de Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía, Allariz, Pereiro de Aguiar e Castro Caldelas.

## Polos creativos

No curso 2021-2022, o CEIP Plurilingüe de Maceda solicita o programa de innovación educativa "Polos Creativos" establecido na orde do 21 de abril de 2022 (DOG do 27 de abril de 2022) coa proposta de crear un espazo versátil no centro para desenvolver proxectos de carácter tecnolóxico.

O proxecto foi xa aprobado e desenvolverase durante o actual curso académico. Establécese como coordinadora deste programa de innovación educativa a Rosana Cabana, coordinadora TIC e docente de Pedagoxía Terapéutica.

A proposta co centro, que leva por título "Aprendizaxe servizo a través do polo creativo" pretende achegar a toda a comunidade educativa (alumnado, familias e profesorado) á realidade da nosa contorna fortalecendo o noso coñecemento e investindo tempo para mellorala a través de proxectos que poñan en valor o patrimonio histórico, artístico, cultural e natural.

Dende unha perspectiva integral e inclusiva pretendemos que o polo creativo se converta nun espazo de comunicación, de creación e de formación no que a aprendizaxe por proxectos e aprendizaxe cooperativa sexan os pilares nos que se sustenten todos os produtos elaborados.

A través do polo creativo buscamos desenvolver o traballo competencial con énfase no fomento das habilidades do século XXI, concretamente nas 4Cs (pensamento crítico, creatividade, comunicación e colaboración) e na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

## Erasmus +

Para o curso 2022-2023 temos aprobado un proxecto Erasmus KA122-SCH que leva por título "Expandiendo nuestros horizontes para atender a la diversidad" e que terá unha duración de 18 meses.

Co fin de levalo a cabo, creamos por primeira vez o equipo de Dinamización de Programas Internacionais, formado polos seguintes docentes do centro:

- M. Isabel Blanco Pumar (Coordinadora)
- Silvia Alonso Pérez
- M. Consuelo Novoa Romero
- Manuel Borrajo Fernández
- Antonio Fernández Jácome
- Ruth Costa Pascual

O equipo reunírase cunha periodicidade mensual para organizar as distintas accións establecidas no proxecto inicial.

**Obxectivos do programa**

O obxectivo principal é provocar un cambio importante no noso Proxecto Escolar mediante a creación dun entorno estimulante que poida motivar aos docentes, estudantes e familias a ser unha parte activa do proceso de aprendizaxe.

Pretendemos mellorar a práctica docente a través da implementación de estratexias metodolóxicas e novos enfoques que promovan a participación do noso alumnado. En consonancia coas prioridades do Programa Erasmus +, queremos impulsar a igualdade de oportunidades entre os estudantes para atender á diversidade e fomentar a inclusión.

E finalmente, queremos facilitar a interacción da comunidade educativas con outras culturas e países, a través de mobilidades, intercambios e proxectos colaborativos.

**Mobilidades**

No marco deste proxecto Erasmus temos concedidas 10 mobilidades de distinto tipo e a distintos países:

- 6 mobilidades de aprendizaxe por observación, nas que visitaremos distintos centros para coñecer a súa experiencia e poder analizar o seu sistemas educativo co fin de trasladar as boas prácticas observadas a

nosa realidade. As mobilidades realizaranse aos seguintes países: Dinamarca, Suecia e Francia.

- 4 mobilidades para facer cursos de formación sobre distintas temáticas afíns ás necesidades do centro: Islandia, Portugal, Malta e Finlandia

## Programas de innovación pendentes de aprobación

Ademais dos proxectos de innovación mencionados anteriormente o CEIP Plurilingüe de Maceda ten solicitado a súa participación nos seguintes programas de innovación pendentes da súa adxudicación:

- Plan Proxecta. Modalidade "Aliméntate Ben" no que intervirán todos os cursos e docentes do centro.
- Contrato-Programa EduInnova para a mellora da Competencia Matemática e Competencia en Ciencia, Tecnoloxía e Enxeñaría, que se levará a cabo en todos os cursos de Educación Infantil e en 1º ciclo de Educación Primaria.

# Addenda do proxecto lingüístico do centro

A instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia sinala os seguintes aspectos lingüísticos a ter en conta nos centros:

a. O resultado da pregunta aos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado antes do comezo de curso escolar 2022/2023 no CEIP Plurilingüe de Maceda deixa constancia de que a lingua materna dos nenos/as é o galego nun 41%.

b. A media do alumnado galegofalante en Educación Infantil no centro, é dun 68%. ( A media nos nenos incorporados este curso é dun 62%.).

c. A realidade sociolingüística do contorno corresponde á propia dunha vila do rural. O resultado da enquisa fai constar o predominio do galego

como lingua materna e vehicular. O nivel socioeconómico e cultural, como corresponde a unha vila do entorno rural é medio-baixo.

d. A presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares, está garantida na Programación Anual do Centro, e, polo tanto, a adquisición de coñecementos nas dúas linguas queda distribuída do seguinte modo:

- Educación Infantil: uso da lingua galega como lingua vehicular, ao final desta etapa deberán adquirir competencia en lingua castelá e galega por igual.
- Educación Primaria: as áreas que se imparten en lingua galega nesta etapa son as seguintes:

G=galego C=castelán I= inglés

| MATERIAS | 1º | | | 2º | | | 3º | | | 4º | | | 5º | | | 6º | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IDIOMA | G | C | I | G | C | I | G | C | I | G | C | I | G | C | I | G | C | I |
| Lingua Galega | 4 | | | 4 | | | 4 | | | 4 | | | 4 | | | 3 | | |
| Lingua Castelá | | 4 | | | 4 | | | 4 | | | 4 | | | 4 | | | 3 | |
| Lingua Inglesa | | | 2 | | | 2 | | | 3 | | | 3 | | | 3 | | | 3 |
| MATEMÁT. | | 5 | | | 5 | | | 4 | | | 4 | | | 5 | | | 5 | |
| CCSS | 3 | | | 2 | | | 3 | | | 2 | | | 2 | | | 3 | | |
| CCNN | 2 | | | 2 | | | 2 | | | 2 | | | 2 | | | 2 | | |
| Educación Física | | 2 | | | 2 | | | 2 | | | 2 | | | 2 | | | 2 | |
| Relixión / Valores Sociais e Cívicos/ Proxecto Competencial | 1 | | | 2 | | | 1 | | | 1 | | | 1 | | | 1 | | |
| Música | 1 | | | 1 | | | 1 | | | 1 | | | 1 | | | 1 | | |
| Plástica | | | 1 | | | 1 | | | 1 | | | 1 | | | 1 | | | 1 |
| Libre Configuración | | | | | | | | | | | 1 | | | | | | 1 | |
| TOTAL | 11 | 11 | 3 | 11 | 11 | 3 | 11 | 10 | 4 | 10 | 11 | 4 | 10 | 11 | 4 | 10 | 11 | 4 |

# Aprobación Programación Xeral Anual

A PXA do CEIP Plurilingüe de Maceda para o presente curso escolar foi aprobada en sesión de Claustro e Consello Escolar o día 10 de outubro de 2022.

Maceda, a 10 de outubro de 2022